Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da ratio de celadores/as existente no Hospital Comarcal do Salnés, así como as súas previsións respecto da súa equiparación aos do resto dos hospitais do Sergas, o establecemento da súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI e o nomeamento dunha persoa responsable no propio centro

- 38431 - 22658 (10/PRE-010965)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas carencias en materia de atención pediátrica existentes no concello de Oleiros, así como as súas previsións respecto da dotación do Centro de Saúde da Covada dun servizo de pediatría e do reforzo dese servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz

- 38430 - 22671 (10/PRE-010966)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as intencións do Goberno galego respecto da dotación do Centro de Saúde de Vila de Cruces cun punto de atención continuada, así como sobre o mantemento polo seu alcalde dalgún contacto co Sergas para ese fin

- 38429 - 22675 (10/PRE-010967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e as licenzas do persoal do Sergas

- 38428 - 22676 (10/PRE-010968)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, a súa incidencia na mellora da calidade da asistencia sanitaria e a demanda realizada ou prevista diante do Goberno central ao respecto

- 38427 - 22677 (10/PRE-010969)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a planificación do Goberno galego para adaptar as prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas, a posibilidade de garantía da calidade asistencial sen a adopción de medidas para aumentar o seu número e a opinión dos profesionais en relación coa política de estabilización do persoal levada a cabo polo Sergas

- 38631 - 22678 (10/PRE-010970)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non xeneralizar a prescrición dos novos anticoagulantes orais a todos os pacientes que non teñan contraindicación

- 38630 - 22863 (10/PRE-010974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a fase na que se atopa o proceso de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao, o grao de execución das partidas orzamentarias consignadas para ese fin nos últimos anos e a contía que vai destinar o Goberno galego no ano 2018, así como os prazos previstos para a súa execución e entrada en funcionamento

- 38328 - 23016 (10/PRE-010986)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para garantir a inclusión social das mulleres con diversidade funcional, a información que lles está a ofrecer en relación cos dereitos reprodutivos e as situacións de maltrato, así como a existencia de protocolos que permitan aos profesionais sanitarios, policiais e do ámbito do dereito a identificación de casos de mulleres que a padezan e sexan vítimas dalgún tipo de violencia

- 38330 - 23300 (10/PRE-010987)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o coñecemento e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os problemas existentes coas agullas facilitadas polo Sergas para a aplicación de insulina ás persoas afectadas pola diabetes

- 38382 - 23301 (10/PRE-010988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa atención e os servizos sanitarios dispoñibles na actualidade no concello de Cedeira, a necesidade de ampliar o centro de saúde e a posibilidade de chegar a un acordo co Concello para ese fin

- 38327 - 23302 (10/PRE-010989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o procedemento seguido polo Goberno galego para a elaboración e presentación do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, así como as razóns dos recortes e das modificacións que introduce a súa redacción

- 38326 - 23303 (10/PRE-010990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a situación en que se atopa a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto

- 38325 - 23304 (10/PRE-010991)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de asumir e entender como aceptables para unha óptima calidade asistencial os problemas existentes na atención primaria, as súas previsións referidas ao incremento do investimento específico nela a través do Sergas e a necesidade de máis profesionais, así como o número de centros de saúde iniciados dos previstos nos orzamentos de 2016 e 2017 e os precisos a curto prazo

- 38324 - 23305 (10/PRE-010992)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da revisión das posibilidades de solicitude de probas diagnósticas polos facultativos de atención primaria, a súa valoración en relación coa normativa vixente na materia e a situación do correspondente catálogo do Sergas

- 38323 - 23306 (10/PRE-010993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da redución do imposto sobre o valor engadido dos produtos sen glute, así como as medidas que vai adoptar, no caso da súa denegación, para paliar a penalización económica que padecen as persoas celíacas polos prezos deses produtos

- 38322 - 23311 (10/PRE-010995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía na actualidade do dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo, así como a concreción e o cronograma do plan integral de asistencia ás mulleres anunciado

- 38321 - 23312 (10/PRE-010996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos á prescrición de atomoxetina e de metilfedinato para o tratamento do trastorno por déficit de atención e hiperactividade dos anos 2012 ao 2016

- 38320 - 23313 (10/PRE-010997)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as medidas que ten previsto desenvolver o Goberno galego para favorecer a implantación dun protocolo de cribado nutricional no sistema sanitario galego coa finalidade de loitar contra a desnutrición relacionada coa enfermidade

- 38319 - 23315 (10/PRE-010999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non ter avanzado no cumprimento dalgúns aspectos do acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 referido á mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose, as previsións ao respecto e a súa avaliación en relación coa situación das mulleres que padecen esa doenza no tocante ao coñecemento da enfermidade, ao nivel de tratamento e á formación do persoal sanitario para o tratamento específico

- 38381 - 23317 (10/PRE-011000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade respecto da existencia dun problema global en Galicia para a cobertura dos servizos de pediatría por profesionais, os datos ao respecto e as súas previsións en relación coa incorporación de máis pediatras ao Sergas, así como a mellora da dotación de persoal do Servizo de Cirurxía Pediátrica e o impulso do funcionamento deste servizo en Ourense durante as vinte e catro horas do día

- 38318 - 23318 (10/PRE-011001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgunha estratexia para mellorar a diagnose e o tratamento da fibromialxia, a estimación oficial do número de persoas afectadas en Galicia e a súa valoración en relación coa posible consideración desa doenza para os efectos da incapacitación laboral, a necesidade de adaptación ou o cambio de posto de traballo, así como a existencia na comunidade autónoma de investigación de carácter biosanitario ao respecto

- 38380 - 23319 (10/PRE-011002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgunha xestión co Goberno municipal de Ordes para a inclusión no novo PXOM da habilitación do terreo anexo ao PAC como espazo para o helicóptero de emerxencias, as razóns da retirada do heliporto do centro de saúde dos planos do novo planeamento e a súa opinión en relación coa situación en que se atopa o transporte sanitario para a veciñanza afectada na zona

- 38379 - 23320 (10/PRE-011003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre o nivel de aplicación dos tratamentos para a hepatite C ás persoas afectadas que se atopan na cadea en penitenciarías de Galicia segundo o previsto no Plan nacional para a abordaxe da hepatite C no Sistema nacional de saúde, así como os datos do Goberno galego ao respecto

- 38378 - 23321 (10/PRE-011004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da eficacia do modelo de colaboración público-privada para a construción de infraestruturas sanitarias e a súa valoración en relación coas queixas e denuncias referidas ás deficiencias na xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a débeda asumida por Galicia coa súa construción

- 38317 - 23322 (10/PRE-011005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa crecente aparición de disciplinas non científicas e de practicantes sen a formación e titulación axeitadas que provocan intrusismo laboral no eido sanitario, a súa estimación do alcance do problema fiscal que supón en Galicia e do número de persoas que optan por esas disciplinas fóra do sistema público sanitario, así como a súa opinión respecto da posibilidade de evitalo coa mellora da eficiencia deste

- 38316 - 23323 (10/PRE-011006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do estudo presentado no Congreso da Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria e referido á porcentaxe de enfermidades crónicas atendidas e as dificultades existentes para prescribir tratamentos innovadores, os datos e as causas destas limitacións, así como as previsións ao respecto

- 38315 - 23324 (10/PRE-011007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade do feito de que o concello de Cuntis permanecese sen atención sanitaria parte do día 31 de xullo

- 38314 - 23325 (10/PRE-011008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a situación das persoas doentes do linfedema, así como os procesos e o tratamento que reciben no Sergas, a valoración da posibilidade de implementar recursos para mellorar os procesos de detección, diagnose e tratamento da doenza, así como de ampliar a formación de especialistas médicos e fisioterapeutas ao respecto

- 38377 - 23328 (10/PRE-011010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa existencia de infravaloración da muller na diagnose e no tratamento dos problemas de saúde e as súas previsións respecto da reformulación da súa xestión no eido sanitario co fin de implementar unha eficiente perspectiva de xénero

- 38313 - 23331 (10/PRE-011012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres, o seu cumprimento e desenvolvemento, así como o mantemento como obxectivo da consecución dunha igualdade real de xénero no eido sanitario, as medidas e formulacións estratéxicas que está a levar a cabo ao respecto e os seus resultados

- 38376 - 23332 (10/PRE-011013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a consideración por parte do Goberno galego da posibilidade de solicitarlle ao Goberno central a inclusión da podoloxía na carteira básica de servizos do Sistema nacional de saúde co financiamento necesario, a súa opinión respecto da viabilidade de introducila na carteira complementaria de servizos de Galicia, así como a posible pertinencia de incorporar a categoría profesional de podólogo ou podóloga como persoal estatutario do Sergas

- 38312 - 23333 (10/PRE-011014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das condicións en que se realizan as probas de glicosa para embarazadas nos centros do Sergas, e nomeadamente no Hospital Provincial de Pontevedra

- 38311 - 23334 (10/PRE-011015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a existencia dun déficit de inspectores médicos no eido sanitario en Galicia e as medidas do Goberno galego para resolver esta situación

- 38375 - 23336 (10/PRE-011016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a posibilidade de garantía polo Goberno galego do mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia durante os meses de verán que no resto do ano, os datos referidos ás camas que se van pechar no período estival e o volume de persoal que vai contratar o Sergas para cubrir as vacacións dos profesionais sanitarios, así como os criterios seguidos para planificar a dotación de recursos nesa época e a valoración das reclamacións dos profesionais ao respecto

- 38374 - 23411 (10/PRE-011019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á consideración da posición da cidadanía, os sindicatos, os partidos políticos, as asociacións de doentes e os colectivos de profesionais en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a súa opinión referida á suficiencia para o debate e a aprobación do consenso acadado cos diferentes colectivos ao respecto, así como a necesidade de creación de mesas de traballo coa participación deles para as posibles reformas legais do sistema sanitario galego

- 38310 - 23412 (10/PRE-011020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á paralización das retinografías no Centro de Saúde de Carballo por non cubrir a baixa do profesional que as vén realizando, a súa valoración en relación coa eficiencia do servizo ofrecido e as súas previsións ao respecto

- 38373 - 23414 (10/PRE-011021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación actual da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil no Hospital Teresa Herrera para toda a Área Sanitaria da Coruña, a valoración da posibilidade de integrar a consulta de Psicoloxía Infanto-Xuvenil na rede asistencial do Sergas, coa súa incorporación nesa unidade, así como os problemas derivados da perda de confidencialidade dos datos por causa do seu traslado ao Centro Cívico de Eirís

- 38372 - 23415 (10/PRE-011022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non manter xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais co fin de acadar novos acordos retributivos para o persoal do Sergas e as previsións da Consellería de Sanidade respecto do inicio dun novo proceso de negociación en relación coa situación laboral dese persoal

- 38309 - 23416 (10/PRE-011023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas propias para paliar os problemas de persoal na sanidade galega, a demanda ao Goberno central da eliminación da taxa de reposición para a contratación de persoal e a convocatoria dunha OPE no eido sanitario con 1.600 prazas para o ano 2017, así como o establecemento dalgún plan de medidas para afrontar o déficit e a precarización do emprego sanitario

- 38371 - 23417 (10/PRE-011024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento dun custo para a persoa usuaria pola utilización do servizo de asistencia sanitaria telefónica, a valoración da posibilidade da súa eliminación e a súa opinión en relación coa claridade e utilidade da información referida aos usos, a función e os custos dos teléfonos 902077333 e 902400116

- 38308 - 23418 (10/PRE-011025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do proceso xudicial sobre a presunta información privilexiada no desenvolvemento do concurso convocado pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 entre 2014 e 2015, as actuacións e as medidas previstas ao respecto

- 38370 - 23419 (10/PRE-011026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a xestión da situación de desabastecemento de vacinas contra a meninxite B no último ano

- 38369 - 23420 (10/PRE-011027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a previsión da Xunta de Galicia de realizar algún tipo de acción para reverter o efecto que ten sobre a poboación galega o Real decreto 16/2012, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema nacional de saúde

- 38368 - 23421 (10/PRE-011028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a relación dos proxectos de infraestruturas sanitarias en Galicia que teñen financiamento europeo, os datos referidos ao seu estado de execución e a situación en que se atopan en relación coa validación europea de funcionalidade, así como a actuación que está a levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das demandas da Unión Europea relativas aos fondos recibidos para eses fins

- 38392 - 23423 (10/PRE-011029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o exercicio das xefaturas de servizo ou de unidades de atención primaria no Sergas por persoas que non se veñen dedicando de maneira exclusiva ao sistema sanitario público

- 38629 - 23556 (10/PRE-011035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a posta en funcionamento do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense coa posta en funcionamento do novo edificio

- 38628 - 23618 (10/PRE-011038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a reforma impulsada polo Goberno galego relativa ao sector das farmacias e á redución á metade da puntuación do coñecemento da lingua galega no baremo específico de méritos para a adxudicación de novas oficinas de farmacia

- 38367 - 23903 (10/PRE-011041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da distribución pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de agasallos nos que se exclúe o uso da lingua galega

- 38627 - 23984 (10/PRE-011042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a situación sanitaria no concello de Cedeira

- 38426 - 24274 (10/PRE-011053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da convocatoria de mobilizacións polas traballadoras do servizo de limpeza do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a súa opinión e as actuacións levadas a cabo en relación co posible incumprimento das condicións laborais pola empresa concesionaria, así como as súas previsións referidas á realización dalgún tipo de intermediación para arranxar este conflito laboral

- 38366 - 24524 (10/PRE-011064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas condicións en que se atopa a nova Unidade de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como as medidas previstas para corrixir as deficiencias e as carencias de persoal detectadas nela desde o seu traslado ao Hospital Nosa Señora do Cristal

- 38626 - 24835 (10/PRE-011067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas ante a problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e ao número de tarxetas adscritas ao centro

- 38425 - 25398 (10/PRE-011074)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de saúde en Ribadavia durante a X lexislatura e os prazos estimados para o inicio das obras

e posta en funcionamento do centro, así como o orzamento e a partida orzamentaria que vai destinar para ese fin no ano 2018

- 38625 - 25819 (10/PRE-011078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as novas adxudicacións feitas polo Sergas á empresa Ibérica de Mantenimiento, S. A.

- 38624 - 25830 (10/PRE-011079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego destinadas a solucionar as deficiencias no Centro de Saúde de Tui

- 38424 - 25974 (10/PRE-011082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia e calidade da atención que se está a prestar no Sistema sanitario de Galicia ás persoas que padecen epilepsia, as súas previsións referidas ao aumento dos medios humanos e materiais destinados a ese fin, así como a solicitude ao Goberno central da revisión dos baremos de incapacidade de carácter laboral, tendo en conta as dificultades que padecen as persoas afectadas

- 38423 - 26013 (10/PRE-011084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a incidencia dos recortes levados a cabo na atención prestada polo Servizo de Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a valoración e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego ao respecto, así como as súas previsións en relación coa reposición deste servizo durante as 24 horas do día e os 365 días do ano

- 38307 - 26055 (10/PRE-011085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o coñecemento, a opinión e as previsións do Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal e coa dotación de medios humanos e materiais dos puntos de atención continuada

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 14782**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xustificación da proposta de construción dunha planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos non perigosos no lugar de Teixeira-Santa Icí, no concello de Arteixo, así como da realización do estudo de impacto ambiental simplificado do proxecto dada a proximidade da planta existente no concello das Somozas e as previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego cínquese ao estrito cumprimento da legalidade na tramitación deste proxecto, e faino sempre coas máximas garantías de transparencia e participación.

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 4 de xullo o anuncio polo que se somete a información pública o proxecto e o estudo de impacto ambiental da planta de valorización e almacenamento de residuos non perigosos en Teixeira-Santa Icí, Arteixo. Cómpre lembrar que se trata dunha iniciativa de carácter privado e, polo tanto, como autoridade ambiental na Comunidade, a Consellería ten obriga de tramitar a solicitude.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38638
Data envío: 11/10/2018 14:13:35.935

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:13:31



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 15377**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa oposición de entidades ecoloxistas, asociacións veciñais e representantes políticos á instalación dunha planta de almacenamento e valorización de residuos industriais e urbanos non perigosos no lugar T eixoeira-Santa Icía, no concello de Arteixo, a súa posible localización no polígono industrial de Sabón e a realización dalgún estudo do impacto que vai ter o incremento do tráfico pesado na zona, así como a súa posible afección nas canles fluviais, no Castro de Santa Icía e na mámoa existente nas proximidades”**, (publicada no BOPG número 175 do 14 de setembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego cínquese ao estrito cumprimento da legalidade na tramitación deste proxecto, e faino sempre coas máximas garantías de transparencia e participación.

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 4 de xullo o anuncio polo que se somete a información pública o proxecto e o estudo de impacto ambiental da planta de valorización e almacenamento de residuos non perigosos en Teixoeira-Santa Icía, Arteixo.

Cómpre lembrar que se trata dunha iniciativa de carácter privado e, polo tanto, como autoridade ambiental na Comunidade, a Consellería ten obriga de tramitar a solicitude.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38637
Data envío: 11/10/2018 14:13:26.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:13:23



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21685**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento da lexislación ambiental respecto da conservación dos espazos naturais e dos compoñentes da biodiversidade”**, (publicada no BOPG número 234 do 29 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A protección dos espazos naturais e da biodiversidade en Galicia está garantida polas Leis 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da Natureza, xunto coa normativa de desenvolvemento, cuxas previsións son de obrigado cumprimento, tanto para os cidadáns, como para as administracións afectadas.

Esta normativa está a ser observada e cumprida polos seus destinatarios e os supostos de incumprimento das obrigas ou prohibicións nela establecidas motivan as correspondentes denuncias.

As actuacións nos espazos protexidos están reguladas nos seus instrumentos de planificación. O incumprimento do establecido nos anteditos instrumentos é obxecto da correspondente denuncia e apertura do procedemento administrativo sancionador.

O Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán conta con persoal que realiza as funcións de control e vixilancia. En concreto, catro vixiantes e dous

axentes, ademais do xefe do servizo de parques naturais que tamén realiza as funcións que lle corresponden en relación coa xestión do parque.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38636
Data envío: 11/10/2018 14:13:19.231

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:13:10



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29201**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Davide Rodríguez Estévez e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co pronunciamiento do Comité Científico do Ministerio de Agricultura, Pesa e Medio Ambiente referido á inclusión de todas as variedades de eucalipto no Catálogo Estatal de Especies Exóticas e Invasoras, a súa congruencia coa redacción que presenta o borrador para revisión do Plan forestal de Galicia de 1992 e a súa opinión ao respecto”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Xunta de Galicia cremos nun equilibrio no monte galego no que teñen cabida todas as especies e todos os usos. O borrador da revisión do Plan Forestal de Galicia é un instrumento de ordenación a 20 anos que busca compatibilizar todos os usos dos terreos forestais na nosa comunidade de xeito medioambientalmente sostible.

O artigo 64.2 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidad inclúe a posibilidade de que calquera cidadán ou organización poda solicitar á Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA), a iniciación do procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie no citado catálogo.

O Real Decreto 630/2013, polo que se regula o Catálogo Español de especies exóticas invasoras establece no seu artigo 5 os procedementos de inclusión ou exclusión de especies nese catálogo. A solicitude presentada deberá ser motivada e ir acompañada da información técnica ou científica xustificativa, así como das referencias dos informes técnicos e publicacións científicas que respalden dita solicitude.

O 26 de setembro de 2017, o Concello de Teo (A Coruña) presentou solicitude de inclusión do xénero Eucalyptus no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, en conformidade ao procedemento establecido no artigo citado 5.3.

Unha vez examinada a solicitude, dende a Subdirección General de Medio Natural iniciouse o procedemento exposto no citado artigo 5, comezando coa súa remisión ao Comité científico de acordo ao establecido nese artigo e á Disposición Adicional 10ª do RD 630/2013, do 2 de agosto, solicitándolle ditame (hai que ter en conta que este ditame é só de carácter consultivo). Ao mesmo tempo se solicitou informe á Subdirección General de Silvicultura y Montes de la Dirección General de Desarrollo Rural y Política Forestal del MAPAMA.

O Comité Científico previsto no artigo 7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Catálogo Español de Especies Ameazadas, ao que se lle outorgaron funcións informativas en materia de especies exóticas invasoras, ten o carácter de órgano consultivo do Comité de Flora e Fauna Silvestres. A súa participación no procedemento de inclusión ou exclusión de especies no catálogo español de especies exóticas invasoras non resulta vinculante, non correspondendo á Xunta de Galicia a valoración dos ditames emitidos polo citado órgano. Os criterios e procedementos de inclusión ou exclusión de especies no citado catálogo aparecen perfectamente recollidos e concretados no Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto,



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38615
Data envío: 11/10/2018 14:09:35.399

galicia

que establece que unicamente poderán incluírse aquelas especies exóticas que cumpran con determinadas características e para as que exista información científica e técnica suficiente.

Estas premisas son aplicables a calquera especie que se pretenda incluír no catálogo, polo que a Xunta non pode máis que respectar o cumprimento e aplicación das prescricións e procedementos contidos nesta norma que, por outra banda, ten o carácter de lexislación básica sobre protección do medio ambiente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 6e4d2604-8de0-8bf1-79c1-73010b867266

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38615
Data envío: 11/10/2018 14:09:35.399

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:09:31



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29679**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“o mecanismo de carácter extraordinario ou especial que se está a habilitar para as visitas en grupo organizadas por institucións ou empresas á praia das Catedrais, o resultado da xestión realizada por Renfe Viajeros para o acceso a ela das persoas usuarias dos trens turísticos nos meses de xullo e setembro e a incidencia deste proceso no mecanismo xeral de acceso á praia”**, (publicada no BOPG número 296 do 25 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O artigo 23 2 d) do Decreto 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de conservación do monumento natural da praia das Catedrais establece que coa finalidade de promover o uso de medios de transporte alternativos para acceder a dito enclave prevese a promoción do uso da liña de ferrocarril de vía estreita (FEVE) que discorre pola costa da Mariña lucense, realizando varias paradas na contorna do monumento natural. Ademais promoverase un programa integral de fomento do ferrocarril, establecendo medidas de colaboración coas diferentes administracións implicadas.

En función do exposto e vista a coherencia entre o Plan de Conservación e a promoción do uso de medios de transporte alternativos para acceder ao monumento natural, as empresas ou institucións poden solicitar autorizacións para os seus viaxeiros co obxectivo de facilitar o acceso ao monumento a través destes medios e conseguindo un uso público ordenado e compatible coa conservación dos valores ambientais que motivaron a declaración do monumento natural.

Renfe pode solicitar á Dirección Xeral de Patrimonio Natural autorización para que os seus viaxeiros podan acceder ao areal en temporada de limitación de acceso. A solicitude debe

incluir o número de visitantes que se prevé accedan a través deste medio de transporte colectivo e debe indicar para que días concretos se solicita.

As autorizacións emitidas son descontadas pola aplicación da cota xeral de acceso. Estas autorizacións son comprobadas polo persoal que realiza a regulación do uso público na época de limitación de acceso ao areal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38614
Data envío: 11/10/2018 14:09:20.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:09:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38690
Data envío: 15/10/2018 09:18:15.111

Data 15/10/2018 09:18

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21684** formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento da lexislación ambiental respecto da conservación dos espazos naturais e dos compoñentes da biodiversidade”**, (publicada no BOPG número 234 do 29 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A protección dos espazos naturais e da biodiversidade en Galicia está garantida polas Leis 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da Natureza, xunto coa normativa de desenvolvemento, cuxas previsións son de obrigado cumprimento, tanto para os cidadáns, como para as administracións afectadas.

Esta normativa está a ser observada e cumprida polos seus destinatarios e os supostos de incumprimento das obrigas ou prohibicións nela establecidas motivan as correspondentes denuncias.

As actuacións nos espazos protexidos están reguladas nos seus instrumentos de planificación. O incumprimento do establecido nos anteditos instrumentos é obxecto da correspondente denuncia e apertura do procedemento administrativo sancionador.

O Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán conta con persoal que realiza as funcións de control e vixilancia. En concreto, catro vixiantes e dous axentes, ademais do

xefe do servizo de parques naturais que tamén realiza as funcións que lle corresponden en relación coa xestión do parque.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38690
Data envío: 15/10/2018 09:18:15.111

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2018 9:18:12



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38689
Data envío: 15/10/2018 09:18:07.705

Data 15/10/2018 09:18

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23993** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estudo de impacto ambiental simplificado 2017/0050 tramitado baixo o título de “planta de almacenamento e valorización de residuos non perigosos industriais e urbanos no lugar de Teixeira-Santa Icí (Arteixo)”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego cínquese ao estrito cumprimento da legalidade na tramitación deste proxecto, e faino sempre coas máximas garantías de transparencia e participación.

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 4 de xullo o anuncio polo que se somete a información pública o proxecto e o estudo de impacto ambiental da planta de valorización e almacenamento de residuos non perigosos en Teixeira-Santa Icí, Arteixo.

Cómpre lembrar que se trata dunha iniciativa de carácter privado e, polo tanto, como autoridade ambiental na Comunidade, a Consellería ten obriga de tramitar a solicitude.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38689
Data envío: 15/10/2018 09:18:07.705

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2018 9:18:04



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29852** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun proceso de negociación co Concello da Coruña, a Autoridade Portuaria e o Ministerio de Fomento-Portos do Estado, para os efectos da revisión dos convenios portuarios de 2004, así como do contido da proposta de protocolo do Goberno municipal da Coruña”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten asinado un convenio, avalado cunha inversión de 20 millóns de euros, para blindar a fachada marítima da cidade herculina e a titularidade pública destes terreos. Por outra banda, o Goberno Galego tiña alcanzado un compromiso do Ministerio de Fomento con Adif para facerse cargo dos 140 millóns de euros que custa o tren ao Porto Exterior.

O acordo alcanzado entre o presidente da Xunta e o presidente de Portos do Estado é un paso importantísimo para conseguir os dous obxectivos que pretenden a cidade da Coruña e a Autoridade Portuaria: compaxinar a viabilidade económica da Autoridade Portuaria co uso público dos terreos do porto interior. O acordo demostraba o compromiso dos, daquela, responsables de Portos do Estado e da Xunta coa cidade da Coruña e co seu porto.

Este acordo que blinda a titularidade pública dos terreos portuarios ía acompañado dunha oferta para que tanto Concello como a Deputación participen.

En todo caso, os cambios na consideración da amortización das débedas xeradas noutros portos do Estado, nomeadamente Valencia, ten mudado a situación preexistente no relativo ao financiamento das actuacións portuarias de Langosteira, polo que a Xunta xa ten manifestado que defende un trato igualitario a todas as autoridades portuarias do Estado por parte do Goberno central”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38299
Data envío: 08/10/2018 09:09:39.695

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:09:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 38596
Data envío: 11/10/2018 14:06:29.520
Data 11/10/2018 14:06

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32035** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento de residuos no concello de Teo, presentado pola empresa Toca Salgado, S.L. e a súa opinión respecto da idoneidade da localización proposta, así como da suficiencia e rigorosidade da documentación presentada”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto ao que se fai referencia na iniciativa foi rexistrado na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en decembro de 2017. Actualmente, o expediente está resolto e as actuacións realizadas foron arquivadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 38596
Data envío: 11/10/2018 14:06:29.520

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:06:24



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38590
Data envío: 11/10/2018 14:05:42.175

Data 11/10/2018 14:05

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32836** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a avaliación da Xunta de Galicia en relación co impacto que tería para o medio, a veciñanza, a gandaría e o espazo natural a instalación da planta de reciclaxe de residuos proxectada por Toysal en Casalonga, no concello de Teo, a súa opinión referida á localización e opción elixidas para a xestión dese tipo de residuos e as actuacións que está a levar a cabo para mellorar a calidade da súa xestión no territorio galego”**, (publicada no BOPG número 331 do 4 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto ao que se fai referencia na iniciativa foi rexistrado na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en decembro de 2017. Actualmente, o expediente está resolto e as actuacións realizadas foron arquivadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38590
Data envío: 11/10/2018 14:05:42.175

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:05:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38617
Data envío: 11/10/2018 14:09:50.680

Data 11/10/2018 14:09

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29199** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Davide Rodríguez Estévez e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co pronunciamento do Comité Científico do Ministerio de Agricultura, Pesa e Medio Ambiente referido á inclusión de todas as variedades de eucalipto no Catálogo Estatal de Especies Exóticas e Invasoras, a súa congruencia coa redacción que presenta o borrador para revisión do Plan forestal de Galicia de 1992 e a súa opinión ao respecto”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Xunta de Galicia cremos nun equilibrio no monte galego no que teñen cabida todas as especies e todos os usos. O borrador da revisión do Plan Forestal de Galicia é un instrumento de ordenación a 20 anos que busca compatibilizar todos os usos dos terreos forestais na nosa comunidade de xeito medioambientalmente sostible.

O artigo 64.2 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidad inclúe a posibilidade de que calquera cidadán ou organización poda solicitar á Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA), a iniciación do procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie no citado catálogo.

O Real Decreto 630/2013, polo que se regula o Catálogo Español de especies exóticas invasoras establece no seu artigo 5 os procedementos de inclusión ou exclusión de especies nese catálogo. A solicitude presentada deberá ser motivada e ir acompañada da información técnica ou científica xustificativa, así como das referencias dos informes técnicos e publicacións científicas que respalden dita solicitude.

O 26 de setembro de 2017, o Concello de Teo (A Coruña) presentou solicitude de inclusión do xénero *Eucalyptus* no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, en conformidade ao procedemento establecido no artigo citado 5.3.

Unha vez examinada a solicitude, dende a Subdirección General de Medio Natural iniciouse o procedemento exposto no citado artigo 5, comezando coa súa remisión ao Comité científico de acordo ao establecido nese artigo e á Disposición Adicional 10ª do RD 630/2013, do 2 de agosto, solicitándolle ditame (hai que ter en conta que este ditame é só de carácter consultivo). Ao mesmo tempo se solicitou informe á Subdirección General de Silvicultura y Montes de la Dirección General de Desarrollo Rural y Política Forestal del MAPAMA.

O Comité Científico previsto no artigo 7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Catálogo Español de Especies Ameazadas, ao que se lle outorgaron funcións informativas en materia de especies exóticas invasoras, ten o carácter de órgano consultivo do Comité de Flora e Fauna Silvestres. A súa participación no procedemento de inclusión ou exclusión de especies no catálogo español de especies exóticas invasoras non resulta vinculante, non correspondendo á Xunta de Galicia a valoración dos ditames emitidos polo citado órgano. Os criterios e procedementos de inclusión ou exclusión de especies no citado catálogo aparecen perfectamente recollidos e concretados no Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, que establece que unicamente poderán incluírse aquelas especies exóticas que cumpran con determinadas características e para as que exista información científica e técnica suficiente.

Estas premisas son aplicables a calquera especie que se pretenda incluír no catálogo, polo que a Xunta non pode máis que respectar o cumprimento e aplicación das prescricións e



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38617
Data envío: 11/10/2018 14:09:50.680

galicia

procedementos contidos nesta norma que, por outra banda, ten o carácter de lexislación básica sobre protección do medio ambiente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38617
Data envío: 11/10/2018 14:09:50.680

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:09:47



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38653
Data envío: 11/10/2018 14:58:00.392

Data 11/10/2018 14:57

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21683** formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego acerca do cumprimento da lexislación ambiental respecto da conservación dos espazos naturais?”**, (publicada no BOPG número 234 do 29 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A protección dos espazos naturais e da biodiversidade en Galicia está garantida polas Leis 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da Natureza, xunto coa normativa de desenvolvemento, cuxas previsións son de obrigado cumprimento, tanto para os cidadáns, como para as administracións afectadas.

Esta normativa está a ser observada e cumprida polos seus destinatarios e os supostos de incumprimento das obrigas ou prohibicións nela establecidas motivan as correspondentes denuncias.

As actuacións nos espazos protexidos están reguladas nos seus instrumentos de planificación. O incumprimento do establecido nos anteditos instrumentos é obxecto da correspondente denuncia e apertura do procedemento administrativo sancionador.

O Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán conta con persoal que realiza

páxina 1 de 2

as funcións de control e vixilancia. En concreto, catro vixiantes e dous axentes, ademais do xefe do servizo de parques naturais que tamén realiza as funcións que lle corresponden en relación coa xestión do parque.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38653
Data envío: 11/10/2018 14:58:00.392

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:57:45



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38688
Data envío: 15/10/2018 09:17:59.783

Data 15/10/2018 09:17

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23994** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución do proxecto de planta de almacenamento e valorización de residuos non perigosos industriais e urbanos no lugar de Teixeira-Santa Icíá (Arteixo)”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego cínquese ao estrito cumprimento da legalidade na tramitación deste proxecto, e faino sempre coas máximas garantías de transparencia e participación.

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 4 de xullo o anuncio polo que se somete a información pública o proxecto e o estudo de impacto ambiental da planta de valorización e almacenamento de residuos non perigosos en Teixeira-Santa Icíá, Arteixo.

Cómpre lembrar que se trata dunha iniciativa de carácter privado e, polo tanto, como autoridade ambiental na Comunidade, a Consellería ten obriga de tramitar a solicitude.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38688
Data envío: 15/10/2018 09:17:59.783

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2018 9:17:56



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38687
Data envío: 15/10/2018 09:17:42.455

Data 15/10/2018 09:17

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25656** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para afrontar os danos ocasionados polo xabaril na actividade agraria”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 2 de outubro de 2018 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 35368.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre o censo do xabaril e as medidas previstas pola Xunta para poder facer fronte aos danos.

Pode consultarse esta intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2018-10-02?part=5a523c1f-7340-4496-8b4e-cf7ad921f209&start=145.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38687
Data envío: 15/10/2018 09:17:42.455

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2018 9:17:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38616
Data envío: 11/10/2018 14:09:43.024

Data 11/10/2018 14:09

[Firma]

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29200** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Davide Rodríguez Estévez e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co pronunciamento do Comité Científico do Ministerio de Agricultura, Pesa e Medio Ambiente respecto do eucalipto”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Xunta de Galicia cremos nun equilibrio no monte galego no que teñen cabida todas as especies e todos os usos. O borrador da revisión do Plan Forestal de Galicia é un instrumento de ordenación a 20 anos que busca compatibilizar todos os usos dos terreos forestais na nosa comunidade de xeito medioambientalmente sostible.

O artigo 64.2 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidad inclúe a posibilidade de que calquera cidadán ou organización poda solicitar á Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA), a iniciación do procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie no citado catálogo. O Real Decreto 630/2013, polo que se regula o Catálogo Español de especies exóticas invasoras establece no seu artigo 5 os procedementos de inclusión ou exclusión de especies nese catálogo. A solicitude presentada deberá ser motivada e ir acompañada da información técnica ou científica xustificativa, así como das referencias dos informes técnicos e publicacións científicas que respalden dita solicitude.

O 26 de setembro de 2017, o Concello de Teo (A Coruña) presentou solicitude de inclusión do xénero *Eucalyptus* no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, en conformidade ao procedemento establecido no artigo citado 5.3.

Unha vez examinada a solicitude, dende a Subdirección General de Medio Natural iniciouse

o procedemento exposto no citado artigo 5, comezando coa súa remisión ao Comité científico de acordo ao establecido nese artigo e á Disposición Adicional 10ª do RD 630/2013, do 2 de agosto, solicitándolle ditame (hai que ter en conta que este ditame é só de carácter consultivo). Ao mesmo tempo se solicitou informe á Subdirección General de Silvicultura y Montes de la Dirección General de Desarrollo Rural y Política Forestal del MAPAMA. O Comité Científico previsto no artigo 7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Catálogo Español de Especies Ameazadas, ao que se lle outorgaron funcións informativas en materia de especies exóticas invasoras, ten o carácter de órgano consultivo do Comité de Flora e Fauna Silvestres. A súa participación no procedemento de inclusión ou exclusión de especies no catálogo español de especies exóticas invasoras non resulta vinculante, non correspondendo á Xunta de Galicia a valoración dos ditames emitidos polo citado órgano. Os criterios e procedementos de inclusión ou exclusión de especies no citado catálogo aparecen perfectamente recollidos e concretados no Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, que establece que unicamente poderán incluírse aquelas especies exóticas que cumpran con determinadas características e para as que exista información científica e técnica suficiente.

Estas premisas son aplicables a calquera especie que se pretenda incluír no catálogo, polo que a Xunta non pode máis que respectar o cumprimento e aplicación das prescricións e procedementos contidos nesta norma que, por outra banda, ten o carácter de lexislación básica sobre protección do medio ambiente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38616
Data envío: 11/10/2018 14:09:43.024

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:09:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38595
Data envío: 11/10/2018 14:06:20.114

Data 11/10/2018 14:06

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32036** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación co proxecto de instalación dunha planta de tratamento de residuos no concello de Teo, presentado pola empresa Toca Salgado, S.L.”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto ao que se fai referencia na iniciativa foi rexistrado na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en decembro de 2017. Actualmente, o expediente está resolto e as actuacións realizadas foron arquivadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38595
Data envío: 11/10/2018 14:06:20.114

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:06:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38645
Data envío: 11/10/2018 14:15:16.358

Data 11/10/2018 14:15

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32837** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da idoneidade da elección de Casalonga, no concello de Teo, para o desenvolvemento de actividades de reciclaxe de residuos”**, (publicada no BOPG número 331 do 4 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto ao que se fai referencia na iniciativa foi rexistrado na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en decembro de 2017. Actualmente, o expediente está resolto e as actuacións realizadas foron arquivadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38645
Data envío: 11/10/2018 14:15:16.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:15:12



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22067** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego dos problemas de saturación dos hospitais, as medidas extraordinarias que e adoptaron para solventalos e os resultados das mesmas”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á interpelación número 3070 que tivo lugar no pleno do 23 de maio de 2018.

Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-23?part=967fcae0-5b63-44b8-bad6-9602b4ed1645&start=13929>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38329
Data envío: 08/10/2018 09:14:32.966

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:14:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22197** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia en relación coa loita contra o VIH/sida e as avaliacións do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual 2015-2018”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No orzamento da Consellería de Sanidade para 2018 no se teñen reducido as axudas públicas ás entidades de apoio a persoas afectadas polo VIH nin a dotación orzamentaria destinada ao Programa de loita contra as adicións (drogas e outras adicións).

En relación á prevención do VIH/Sida e outras ITS, para o ano 2018 para entidades sen ánimo de lucro que traballan neste campo, segundo a Orde de subvencións (concorrenza competitiva), ten un incremento no seu orzamento do 34% respecto á anterior convocatoria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38383
Data envío: 08/10/2018 14:44:32.962

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:44:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38466
Data envío: 10/10/2018 09:06:06.288

Data 10/10/2018 09:06

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22259** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que ten previsto realizar o SERGAS para acometer unha renovación xeral nas instalacións do Hospital de Monforte, solucionando ademais os problemas de goteiras e filtracións, e a súa intención de manter a dependencia de Lugo do servizo de mantemento deste centro”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos produciuse no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos un aumento importante en relación cos seus recursos humanos, ofrecéndose novos servizos e reforzando algúns xa existentes. Asimesmo, tamén se fixo inversión para mellorar a infraestrutura do hospital e os recursos materiais do mesmo.

Polo que se refire ao mobiliario deste hospital, deste hai meses estase a levar a cabo un plan de renovación do mesmo (armarios, cadeiras, mesillas...) que xa permitiu a renovación do mobiliario de máis da metade das plantas de hospitalización e habitacións do hospital.

E continúaase nese proceso de mellora continua porque o plan de renovación segue en marcha e estase a executar de xeito paulatino. Tamén se reformaron varias plantas de

hospitalización, incluíndo pintado de habitacións, adaptación de baños, substitución de ventanas... e séguense as reformas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38466
Data envío: 10/10/2018 09:06:06.288

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:06:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22468** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a substitución da facultativa do centro de saúde de Vilaxoán durante a súa baixa e as consecuencias de non facelo**”, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Vilaxoán está a 3,7 km de Vilagarcía. En Vilaxoán hai un médico e unha enfermeira que traballan en horario de mañá, non hai PSX polo que as xestións administrativas as teñen que realizar en Vilagarcía.

No Centro de Saúde de Vilagarcía hai 21 médicos de familia, 5 pediatras, 20 enfermeiros, matrona, fisioterapeuta, odontólogo e conta con unidade de tarde polo que o horario é de 8 a 22h en consulta ordinaria. En canto á cobertura e substitución dos profesionais do Centro de Saúde, que xeralmente organízanse para as vacacións e os días de libre disposición.

O día 6 de novembro de 2017 púxose de baixa a médico de Vilaxoán, cubríronse 3 días (luns, mércores e venres) cunha médico de familia do Centro de Saúde de Vilagarcía e o resto dos días dirixiuse aos pacientes ao Centro de Saúde de Vilagarcía, do mesmo xeito que se fai en verán. A titular de Vilaxoán incorporouse a súa praza o 9 de xaneiro de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38635
Data envío: 11/10/2018 14:13:05.856

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:13:02



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:42
Nº Rexistro: 38432
Data envío: 09/10/2018 12:42:47.258

Data 09/10/2018 12:42

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22470** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as consecuencias do peche das unidades de oncoloxía e cirurxía plástica do CHUAC e os datos relativos aos ingresos procedentes de urxencias dos últimos 3 meses”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O peche da unidade de Oncoloxía do Hospital da Coruña realizouse aproveitando esta época estival de 2017, ao fin de levar a cabo obras de reforma da unidade, dispoñendo así duns espazos máis humanizados e de maior confortabilidade para as persoas ingresadas e as súas familias. Os doentes foron asignados a unha unidade de Medicina Interna entanto non se finalizaron as obras, recibindo a atención e os coidados necesarios polos mesmos profesionais que os atenden habitualmente.

O 19 de setembro de 2017 foi ocupada a unidade renovada de Oncoloxía do Hospital da Coruña, e nesa mesma semana abríronse paulatinamente as unidades de medicina interna do Hospital Abente e Lago, é de Cirurxía plástica estando neste momento o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña con todas as camas dispoñibles en funcionamento e con dotación de persoal e cadros de traballo asignados, tendo e conta a demanda asistencial da cidadanía, que está a ser satisfeita.

A dotación de camas operativas na Xerencia de Xestión Integrada da Coruña correspóndese en cada momento ás necesarias para manter a actividade cirúrxica e de hospitalización, poñendo a disposición da poboación atendida todos os recursos para a súa atención coas

máximas garantías de seguridade e calidade. No verán de 2017 mantivéronse operativas o 91% do total das camas dispoñibles nos centros sanitarios dependentes desta Xerencia, sendo a ocupación media estimada do período dun 75%.

As listas de espera xestiónanse atendendo a criterios de prioridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:42
Nº Rexistro: 38432
Data envío: 09/10/2018 12:42:47.258

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:42:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22471** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións que vai realizar a Xunta de Galicia para emendar as carencias do centro de saúde de Marín**”, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo centro de saúde de Marín entrou en funcionamento no ano 2016 en substitución da Casa do Mar e do antigo centro de saúde que presentaban notables deficiencias. Na actualidade o centro de saúde de Marín presta asistencia sanitaria a máis de 25.000 usuarios e conta con dotación e recursos de atención primaria, pediatría, matronas, fisioterapia, odontoloxía, hixiene bucodental e traballo social.

As ausencias de persoal, en especial as de ILT de longa duración son cubertas ou ben por substitución ou por intersubstitución.

A atención primaria en Galicia proporciona servizos cuns elevados estándares de calidade, que se cumpren no concello de Marín tanto na Unidade de Atención Primaria coma no Servizo de Atención Continuada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38634
Data envío: 11/10/2018 14:12:58.684

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:12:55



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22472** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o brote de tuberculose detectado no IES de Cacheiras (Teo) e as actuacións e protocolos seguidos polo SERGAS para controlalo”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Ante un caso de tuberculose aplícase o protocolo recollido no ‘Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose 2012-2015’ e no documento ‘Infección tuberculosa e estudo de contactos’, ambos os dous elaborados pola Dirección Xeral de Saúde Pública e dispoñibles para a súa consulta na Web da Consellería de Sanidade.

Neste abrocho, o diagnóstico e inicio do tratamento do caso índice realizouse antes dos prazos máximos previstos nestes casos e pese aos problemas loxísticos que supuxo realizalo en período escolar vacacional. Isto foi posible grazas á implicación e colaboración da dirección do centro, que facilitou os listados de alumnos/as e as instalacións para realizar as probas da tuberculina in situ, e á rápida actuación da Unidade de Tuberculose (UTB) de Santiago.

Sempre que se produce un caso de tuberculose nun colectivo escolar ou de especial vulnerabilidade, a UTB de referencia ponse en contacto coa dirección do centro e infórmalle da necesidade de iniciar o estudo nos contactos incluídos no primeiro círculo de risco. Así se fixo neste caso dende a comunicación inicial da existencia dun caso nese IES.

A dirección facilitou os listados dos contactos máis próximos co caso índice e a UTB púxose en contacto con eles para pedirlle o consentimento para realizar as probas pertinentes.

O estudo foise ampliando en función dos resultados, estudando de forma gradual ao resto de contactos, seguindo o mesmo procedemento, mantendo sempre informada a dirección do IES da evolución do mesmo.

Seguindo o protocolo, aos contactos que dan negativo na proba da tuberculina, repíteselle o test aos 2-3 meses para confirmar que son verdadeiros negativos e que non se atopen no denominado período ventá, motivo polo que a responsable da UTB solicitou informar ao Consello Escolar do centro, que se reuniu, nunha convocatoria extraordinaria, o día 8 de setembro, co único punto do día de informar da situación, das medidas tomadas e das que aínda faltaban por realizar (retest no mes de outubro).

Todas as persoas que participaron no estudo foron informadas da súa situación e das medidas a tomar de forma individual (pais, nais ou titores no caso dos alumnos), como corresponde a calquera proceso patolóxico, garantindo a confidencialidade da información.

E a volta das vacacións, concretamente o día 8 de setembro, a responsable técnica da UTB da área de Santiago de Compostela mantivo unha xuntanza co Consello Escolar para informar dos resultados e a situación con respecto a este andazo, ofertando a posibilidade de manter unha nova xuntanza coa ANPA para informar da situación se o vían necesario.

En definitiva, desde a comunicación do primeiro caso houbo unha boa interlocución e transmisión de información co centro.

Os alumnos/as infectados/enfermos, están sendo revisados mensualmente pola UTB/servizo de pediatría (ou con menor periodicidade se é preciso), en colaboración cos servizos de atención primaria da área, que tamén foron oportunamente informados da situación.

A UTB de Santiago conta con persoal médico, de enfermaría e de traballo social dedicados única e exclusivamente á prevención e control da tuberculose sen demoras. Dada a magnitude deste estudo reforzouse inmediatamente cun DUE e todas as actividades se realizaron antes do tempo estipulado polo Programa de Tuberculose.

Destacar a súa profesionalidade e a aplicación rigorosa, en tempo e forma, do protocolo de estudo de contactos do Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38633
Data envío: 11/10/2018 14:12:51.246

[Handwritten signature]

O bo funcionamento desta unidade está facendo posible que a incidencia de tuberculose na área pasase de 66,9 casos por 100.000 habitantes no ano 1996 a 14,4 no 2016, o que implica unha diminución no número de casos do 79 % ou, o que é o mesmo, unha diminución por termo medio anual do -7,4 %, o que a converte na área de menor incidencia de tuberculose de toda Galicia no ano 2016 e nunha das de maior velocidade de diminución no número de casos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38633
Data envío: 11/10/2018 14:12:51.246

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:12:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38632
Data envío: 11/10/2018 14:12:43.965

Data 11/10/2018 14:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22597** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da ratio de celadores/as existente no Hospital Comarcal do Salnés, así como as súas previsións respecto da súa equiparación aos do resto dos hospitais do Sergas, o establecemento da súa dependencia orgánica da Xefatura de Persoal Subalterno da EOXI e o nomeamento dunha persoa responsable no propio centro”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para poder definir as necesidades de persoal cómpre ter en conta variables tales coma o número de camas, índice de ocupación das mesmas, a dotación material do centro, a distribución das tarefas e tempos aproximados, horas de traballo efectivo en cada quenda, xornadas mensuais e anuais, etc., e, unha vez coñecidos estes datos e realizado o estudo, os recursos humanos dispoñibles distribúense do xeito máis equitativo en función das cargas de traballo.

O Hospital do Salnés inicia a súa andadura coma Fundación Sanitaria no ano 2001, pero non é ata xaneiro do 2002 cando inicia a totalidade da súa actividade asistencial. Neste ano 2002, nas Fundacións sanitarias a figura do persoal celador non estaba contemplada e as súas funcións eran realizadas por persoal Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE), persoal que dada a actividade a realizar estaba por riba das ratios establecidas.

A chamada antigamente Fundación do Hospital do Salnés, actualmente integrada dentro da EOXI Pontevedra-Salnés, foi unha das primeiras en vincular, no ano 2009, 15 celadores

páxina 1 de 2

incrementando progresivamente este número ata acadar os 26 celadores actuais, o que supoñen un incremento de 11 efectivos (sen diminuír o número inicial de efectivos de TCAE, de apertura da Fundación), sen prexuízo de que este número de efectivos é incrementado cando as necesidades asistenciais así o demandan, servindo como exemplo o último período da gripe deste mesmo ano.

No ano 2016, coa posta en funcionamento e a ampliación dos servizos de bloque cirúrxico, bloque obstétrico e Urgencias, prodúcese tamén un incremento proporcional de persoal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38632
Data envío: 11/10/2018 14:12:43.965

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:12:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **22658** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coas carencias en materia de atención pediátrica existentes no concello de Oleiros, así como as súas previsións respecto da dotación do Centro de Saúde da Covada dun servizo de pediatría e do reforzo dese servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación. Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida.

Actualmente o Servizo de Atención Primaria de Oleiros conta con tres centros de Saúde (Santa Cruz, Perillo e A Covada), un Consultorio (Mera), un Punto de Atención Continuada (PAC) e coas unidades de apoio de Fisioterapia e Odontoloxía.

A atención pediátrica do Servizo de Atención Primaria de Oleiros préstase no Centro de Saúde de Perillo e no Centro de Saúde Santa cruz, con cinco pediatras asignados á poboación do concello.

As cotas pediátricas de Oleiros, cuxos centros atópanse próximos e ben comunicados entre si, teñen un ratio de asignación de pacientes/pediatra que se corresponde á poboación atendida, e que se pode considerar óptimo.

A distribución dos recursos de pediatría permite que, ante a ausencia dun profesional, o outro pediatra do centro poida asumir a atención a procesos urxentes, ante a dificultade de cubrir en todo momento as ausencias con especialistas en pediatría, cuxa dispoñibilidade é deficitaria no conxunto dos centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde.

Os nenos do Concello de Oleiros teñen unha magnífica atención pediátrica no seu concello con profesionais de moi alto nivel. Sempre é posible revisar a ordenación da asistencia, pero ata a satisfacción dos usuarios coa súa atención pediátrica é elevada. A asignación de recursos e a dotación de profesionais por poboación é axeitada ás recomendacións para unha prestación sanitaria eficiente e de calidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:42
Nº Rexistro: 38431
Data envío: 09/10/2018 12:42:40.195

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:42:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22671** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as intencións do Goberno galego respecto da dotación do Centro de Saúde de Vila de Cruces cun punto de atención continuada, así como o mantemento polo seu alcalde dalgún contacto co Sergas para ese fin”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Neste intre a atención urxente e continuada aos pacientes de Vila de Cruces, faise no PAC de Silleda de 15 pm a 8 am de luns a sábados, e os domingos e festivos durante as 24 horas do día.

O PAC atende a poboación dos concellos de Silleda e Vila de Cruces que totalizan 13.855 TIS (Tarxetas Sanitarias Individuais) menos do aconsellable para un PAC, e que vai sufrindo unha diminución poboacional que lle supuxo nos dous últimos anos unha diminución dun 3,3% da poboación.

Como norma xeral os PAC estrutúranse arredor dun ratio de poboación de 25.000 habitantes, variando esta cifra en función das comunicacións viarias e tendendo a respectar unha isocrona de 30 minutos.

A distancia entre os concellos de Silleda e Vila de Cruces é de 15 Km e dicir 15 minutos.

Os recursos actuais son os axeitados para garantir a cobertura poboacional dos Concellos de Silleda e Vila de Cruces”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:42
Nº Rexistro: 38430
Data envío: 09/10/2018 12:42:23.913

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:42:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22675** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Sergas para non negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e as licencias do persoal do Sergas”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sergas xa conta cun documento regulador de permisos e licenzas: o Acordo de Concertación Social, adaptado ás características organizativas do propio Sergas e ás peculiaridades do persoal estatutario.

A este súmanse os permisos e licenzas que a normativa de función pública (estatuto básico do empregado público, estatuto marco, lei do emprego público de Galicia) vén recoñecendo nos últimos tempos. Proba diso é a incorporación de permisos recentes, como o das 37 semanas de xestación para as profesionais embarazadas, ou a incorporación paulatina ao traballo tras tratamentos oncolóxicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:42
Nº Rexistro: 38429
Data envío: 09/10/2018 12:42:14.382

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:42:11



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22676** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, a súa incidencia na mellora da calidade da asistencia sanitaria e a demanda realizada ou prevista diante do Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia deseñouse un instrumento, o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que, dende a entrada en vigor do RD 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por

outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou sospeita dela, recibe atención sanitaria.

O 31 de xullo de 2018 entrou en vigor o Real Decreto-Lei, do 27 de xullo, sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Salud”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:42
Nº Rexistro: 38428
Data envío: 09/10/2018 12:42:06.616

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:42:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22677** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a planificación do Goberno galego para adaptar as prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas, a posibilidade de garantía da calidade asistencial sen a adopción de medidas para aumentar o seu número e a opinión dos profesionais en relación coa política de estabilización do persoal levada a cabo polo Sergas”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Plan de Estabilidade do Emprego e Provisión do Persoal Estatutario do Sergas 2017-2018, quedou recollido o compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, que permitirá reducir ata o 5% a porcentaxe que representa o persoal eventual.

Obxectivo que se sitúa ata tres puntos por debaixo do asumido a nivel nacional polo Ministerio de Hacienda, do 8%.

Galicia foi das primeiras comunidades en impulsar un Plan de Estabilidade para asentar os persoais e mellorar así a calidade asistencial.

Coa creación de 365 novas prazas no Sergas nos achegaremos a este obxectivo de reducir a interinidade ata o 5% e impulsar a estabilidade laboral.

No Decreto de convocatoria da OPE 2017 ofertáronse un total de 1.616 prazas. Así mesmo, no horizonte 2017-2020, a través de novas ofertas, arredor de 5.000 persoas poderán acceder a unha praza estable.

A oferta docente prepárase en base a informes de planificación de prazas nas que se estiman as necesidades a medio prazo de profesionais en base a xubilacións, defuncións, ausencias por incapacidade temporal, contratacións. Dita información permite valorar que especialidades son excedentarias ou deficitarias no seu caso.

De cara a oferta do 2018 a Consellería de Sanidade solicitou ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad a autorización para convocar 394 prazas de formación de residentes, son 17 máis que no 2017”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:41
Nº Rexistro: 38427
Data envío: 09/10/2018 12:41:57.429

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:41:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22678** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Sergas para non ter xeneralizado a prescrición dos novos anticoagulantes orais a todos os doentes que non teñan contraindicación”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O financiamento dos medicamentos é unha competencia exclusiva do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social.

Os anticoagulantes de acción directa, os novos anticoagulantes, son un tipo de medicamentos para os que o Ministerio de Sanidad, Consumo y Bientestar Social estableceu o seu financiamento no ámbito do Sistema Nacional de Salud cun requisito adicional que se denomina ‘establecemento de reservas singulares mediante visado’.

O Real Decreto 618/2007, do 11 de maio, regula o procedemento para o establecemento, mediante visado, de reservas singulares ás condicións de prescrición e dispensación dos medicamentos. Dito Real Decreto establece que as administracións sanitarias, de acordo co procedemento que determinen no exercicio das súas competencias, verificarán a conformidade co tratamento prescrito no Sistema Nacional de Salud coas condicións de utilización autorizadas en ficha técnica e as indicacións terapéuticas financiadas dos medicamentos sometidos a reservas singulares.

O procedemento para a verificación do cumprimento das condicións de prescrición e dispensación dos medicamentos sometidos a reservas singulares mediante visado establecido polo Sistema Nacional de Salud, denomínase tecnicamente homologación

sanitaria, e está regulado polo Decreto 189/2011, do 22 de setembro, de homologación sanitaria dos tratamentos prescritos.

É importante indicar que todas as indicacións autorizadas para un medicamento non sempre están financiadas polo Sistema Nacional de Salud.

As indicacións de tratamento da trombose venosa profunda (TVP) e da embolia pulmonar (EP) e prevención das recorrencias da TVP e da EP en pacientes adultos polo momento non se atopan financiadas.

Así mesmo, para que un anticoagulante oral de acción directa poida ser financiado, ademais de reunir os requisitos esixidos pola ficha técnica do medicamento, xa obrigatorios en calquera medicamento, a situación do paciente debe cumprirse unha serie de condicións, descritas no 'Informe de posicionamento terapéutico ((IPT) UT/V4/23122013. Criterios y recomendaciones generales para el uso de nuevos anticoagulantes orales (NACO) en la prevención del Ictus y la embolia sistémica en pacientes con fibrilación auricular no valvular', de data de actualización 23 de decembro de 2013. Dito informe de posicionamento terapéutico recolle as casuísticas para as que se establecen as reservas singulares destes medicamentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38631
Data envío: 11/10/2018 14:12:36.558

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:12:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38630
Data envío: 11/10/2018 14:12:29.261

Data 11/10/2018 14:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22863** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a fase na que se atopa o proceso de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao, o grao de execución das partidas orzamentarias consignadas para ese fin nos últimos anos e a contía que vai destinar o Goberno galego no ano 2018, así como os prazos previstos para a súa execución e entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto de construción do centro de saúde do Saviñao está nestes momentos supervisado e pendente de licitación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38630
Data envío: 11/10/2018 14:12:29.261

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:12:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23016** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para garantir a inclusión social das mulleres con diversidade funcional, a información que lles está a ofrecer en relación cos dereitos reprodutivos e as situacións de maltrato, así como a existencia de protocolos que permitan aos profesionais sanitarios, policiais e do ámbito do dereito a identificación de casos de mulleres que a padezan e sexan vítimas dalgún tipo de violencia”**, (publicada no BOPG número 246 do 24 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social, Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A inclusión plena e efectiva das persoas con diversidade funcional na sociedade en igualdade de oportunidades é un dos piares das políticas sociais da Xunta de Galicia, por iso no 2018 a partida destinada á atención das persoas con discapacidade aumentou un 8,69% con respecto ao 2017 acadando os 102,8M€ que permitiu e permite a posta en marcha de diferentes medidas como a creación de novas prazas de atención a discapacidade ou o aumento das partidas destinadas aos convenios con entidades deste sector.

Ademais, a Secretaría Xeral da Igualdade dispón dun abano de programas especializados na atención ás mulleres con diversidade funcional, ademais de ter tomado as medidas oportunas para permitir o seu acceso en igualdade de condicións ao resto de recursos destinados ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Así, neste último punto, inscríbese, por exemplo, a atención psicolóxica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e para as persoas ao seu cargo que se presta a través do convenio de colaboración asinado co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Neste programa, recóllese a


garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala. Do mesmo xeito, o Teléfono 900400273 de información ás mulleres está tamén preparado para atender ás persoas con discapacidade auditiva, ademais de contar cun sistema de teletradución a 51 idiomas.

Ademais, hai que ter en conta que a Rede galega de acollemento posibilita a atención nos seus centros a mulleres con discapacidade. De feito, durante 2017 residiron nos seus centros 5 mulleres con discapacidade. Do mesmo xeito, tanto o Centro de emerxencia para mulleres de Vigo (CEMVI) como o Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) de Santiago de Compostela están adaptados a persoas con mobilidade reducida. O CEMVI ten establecida, ademais, a posibilidade de dispoñer de persoal especializado no caso de ingreso de mulleres con discapacidade; e o CRI contempla unha atención específica para estas mulleres.

A Xunta de Galicia mantén tamén unha colaboración fluída con asociacións do sector. Durante 2017 destacaron, entre outras accións, o programa Re_Activa, en colaboración coa asociación Acadar, que está dirixido a mulleres con discapacidade de zonas rurais pouco poboadas. A través desta iniciativa, préstaselles unha atención integral para mellorar as súas capacidade de cara ao desenvolvemento dunha vida autónoma.

Ademais, en colaboración con COGAMI e Acadar, está en marcha o programa Dedaleira- Unidade Querelar para a detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual (agresión sexual, violación, abuso sexual, acoso sexual, intimidación, etc.) e acompañar de maneira personalizada ás persoas que viviron ditas situacións. O programa desenvólvese en tres fases: prevención, detección e intervención, enfocadas ao traballo de centros de Educación Especial públicos do territorio galego. Desde novembro de 2017 leváronse a cabo ademais accións de difusión do servizo e, especificamente, realizáronse actividades de información, asesoramento e orientación de xeito presencial destinadas a profesionais do ámbito asociativo. Así mesmo, estase cumprindo coa elaboración de accións formativas á carta en materia de sexualidade e discapacidade.

En 2018, a través da orde de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, a Secretaría Xeral da Igualdade financia un programa de COGAMI, destinado á atención especializada á mulleres con discapacidade; e outro de Acadar, o programa Mergúllate, para as mulleres con discapacidade dos concellos rurais.



En relación coa prevención e abordaxe da violencia de xénero no eido sanitario hai dous protocolos vixentes que son utilizados por todos os profesionais da rede do Sergas:

- O 'Protocolo Común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero', do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, elaborado coa colaboración das comunidades autónomas.
- A 'Guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero' implantada en todos os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde desde o ano 2009.

Desde o ano 2009 ao 2018 a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento impartiu 93 cursos en materia de prevención e abordaxe da violencia de xénero.

Ponse a disposición das traballadoras e traballadores do Sergas a información sobre os recursos dos que dispoñen e de como actuar ante unha situación de violencia de xénero así como dos dereitos que asisten ás vítimas, a través da 'Guía informativa para mulleres en situación de violencia de xénero', dispoñible na intranet do Sergas.

Tamén na intranet do Sergas contamos coa 'Guía Violencia de Xénero. Procedemento de intervención en saúde'".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38328
Data envío: 08/10/2018 09:14:25.435

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:14:18



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:39
Nº Rexistro: 38330
Data envío: 08/10/2018 09:39:55.198

Data 08/10/2018 09:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23300** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o coñecemento e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os problemas existentes coas agullas facilitadas polo Sergas para a aplicación de insulina ás persoas afectadas pola diabetes”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos casos nos que a incidencia non é un problema da técnica de inxección faise o cambio de agullas de menor calibre (32 G) sen ningún tipo de restrición e sen incremento do prezo do material para o sistema público.

Polo tanto estanse a recoller todas as incidencias para analizalas e buscar sempre a mellor solución para os pacientes e para o sistema sanitario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:39
Nº Rexistro: 38330
Data envío: 08/10/2018 09:39:55.198

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:39:38



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23301** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa atención e servizos sanitarios dispoñibles na actualidade no concello de Cedeira, a necesidade de ampliar o centro de saúde e a posibilidade de chegar a un acordo co Concello para ese fin”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nestes momentos está en fase de revisión o Plan Funcional que defina as necesidades para a ampliación do Centro de Saúde de Cedeira.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38382
Data envío: 08/10/2018 14:44:25.794

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:44:22



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23302** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o procedemento seguido polo Goberno galego para a elaboración e presentación do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, así como as razóns dos recortes e modificacións que introduce a súa redacción”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, publicouse no DOG do 9 de abril de 2018 e entrou en vigor aos 20 días da súa publicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38327
Data envío: 08/10/2018 09:14:02.137

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:13:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23303** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a situación en que se atopa a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, e a solución prevista pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Vilaxoán está a 3,7 km de Vilagarcía. En Vilaxoán hai un médico e unha enfermeira que traballan en horario de mañá. Non hai PSX polo que as xestións administrativas as teñen que realizar en Vilagarcía.

No Centro de Saúde de Vilagarcía hai 21 médicos de familia, 5 pediatras, 20 enfermeiros, matrona, fisioterapeuta, odontólogo e conta con unidade de tarde polo que o horario é de 8 a 22h en consulta ordinaria. En canto á cobertura e substitución dos profesionais do Centro de Saúde, estes xeralmente, organízanse para as vacacións e os días de libre disposición.

O día 6 de novembro de 2017 púxose de baixa a médico de Vilaxoán, cubríndose 3 días (luns, mércores e venres) cunha médico de familia do Centro de Saúde de Vilagarcía e o resto dos días dirixiuse aos pacientes ao Centro de Saúde de Vilagarcía, do mesmo xeito que se fai en verán. A titular de Vilaxoán incorporouse a súa praza o 9 de xaneiro de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38326
Data envío: 08/10/2018 09:13:54.715

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:13:51



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23304** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de asumir e entender como aceptables para unha óptima calidade asistencial os problemas existentes na atención primaria, as súas previsións referidas ao incremento do investimento específico nela a través do Sergas, a necesidade de máis profesionais, así como o número de centros de saúde iniciados dos previstos nos orzamentos de 2016 e 2017 e os precisos a curto prazo”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A calidade asistencial na atención primaria é óptima. Nos orzamentos do 2018 recóllese en diferentes capítulos un incremento do 2,65 %. Nas últimas OPES priorizáronse as categorías propias do primeiro nivel asistencial como médico de familia, pediatra e enfermeiro especialista en enfermería familiar e comunitaria.

Polo que se refire aos centros de saúde, desde o Sergas estase a levar a cabo un Plan tanto para a construción de novos centros como para a mellora e reforma dos existentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38325
Data envío: 08/10/2018 09:13:44.246

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:13:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23305** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da revisión das posibilidades de solicitude de probas diagnósticas polos facultativos de atención primaria, a súa valoración en relación coa normativa vixente na materia e a situación do correspondente catálogo do Sergas”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2014 iniciouse o proceso de modificación e extensión a todas as EOXI dos protocolos de solicitude de probas desde atención primaria. A situación actual non é totalmente homoxénea polo que se continuará traballando na elaboración dos protocolos así como na formación dos profesionais para unha correcta utilización e interpretación das distintas probas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38324
Data envío: 08/10/2018 09:13:37.278

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:13:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23306** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da redución do IVE dos produtos sen glute, así como as medidas que vai adoptar, no caso da súa denegación, para paliar a penalización económica que padecen as persoas celíacas polos prezos deses produtos”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Saúde Pública á pregunta oral en comisión número 28927, que tivo lugar o 2 de maio de 2018 no seo da Comisión 5ª en que se explicou este asunto polo miúdo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38323
Data envío: 08/10/2018 09:13:29.481

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:13:26



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23311** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da garantía na actualidade do dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo, así como a concreción e cronograma do plan integral de asistencia ás mulleres anunciado”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde establece os circuítos asistenciais que garanten o cumprimento da LO 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e que son desenvolvidas en cada unha das EOXI.

Na actualidade a aplicación da interrupción legal da xestación ata a 22 semanas pode levarse a cabo en 6 dos 7 principais hospitais galegos, e a partir deste ano 2018 será posible en todos os hospitais da rede sanitaria galega.

En canto as interrupcións legais do embarazo a partir da 22 semana, concéntranse no Hospital Álvaro Cunqueiro que presenta as características necesarias, tanto de medios físicos como recursos humanos suficientes para levar a cabo esta función con todas as garantías.

Aos casos de IVE de menos de 14 semanas de xestación, e que son de petición voluntaria por parte da muller, ofréceselle a posibilidade de escoller entre a realización nun hospital de rede publica galega ou se o prefire, segundo as súas circunstancias, acudir a unha das clínicas que teñen Autorización de Uso en Galicia.

Desde o Sergas tense establecido o circuítio asistencial para os casos de IVE común para todas as EOXI.

A formación continuada está sendo regulada e organizada a través da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).

A implantación de novos protocolos son notificados ás Xerencias coa información/formación requirida en cada caso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38322
Data envío: 08/10/2018 09:13:22.230

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:13:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23312** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“os datos referidos á prescrición de atomoxetina e de metilfedinato para o tratamento do trastorno por déficit de atención e hiperactividade nos anos 2012 ao 2016”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de receitas de atomoxetina e metilfenidato para os anos 2012 a 2016 e o custo económico se recollen nas seguintes táboas:

	2012		2013		2014	
	Gasto SERGAS	Receitas	Gasto SERGAS	Receitas	Gasto SERGAS	Receitas
ATOMOXETINA	416.623,40 €	5.582	428.240,21 €	5.867	495.188,29 €	7.188
METILFENIDATO	2.988.677,98 €	89.276	2.734.573,92 €	95.261	2.102.877,41 €	97.976

	2015		2016	
	Gasto SERGAS	Receitas	Gasto SERGAS	Receitas
ATOMOXETINA	517.332,70 €	7.372	538.517,82 €	7.640
METILFENIDATO	1.842.757,49 €	93.607	1.829.712,99 €	95.554

páxina 1 de 2

Polo que se refire ás iniciativas postas en marcha polo Servizo Galego de Saúde na mellora da asistencia aos pacientes con trastorno por déficit de atención e hiperactividade contamos co 'Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario', elaborado entre a Consellería de Educación e a de Sanidade desde o ano 2014. A finalidade deste protocolo é axudar a identificación de posibles nenos e nenas susceptibles de ter esta patoloxía no seu ámbito educativo e familiar, así como coordinar as actuacións no ámbito educativo e sanitario. Este documento, elaborado de forma integral e de colaboración entre ambas consellerías facilita a identificación e diagnose temprana e a posta en marcha das medidas terapéuticas farmacolóxicas e non farmacolóxicas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38321
Data envío: 08/10/2018 09:13:15.058

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:13:11



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38320
Data envío: 08/10/2018 09:13:06.793

Data 08/10/2018 09:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23313** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as medidas que ten previsto desenvolver o Goberno galego para favorecer a implantación dun protocolo de cribado nutricional no sistema sanitario galego coa finalidade de loitar contra a desnutrición relacionada coa enfermidade”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A desnutrición dentro da enfermidade crónica é un dos aspectos importantes a ter en conta en calquera sistema sanitario.

Os hospitais do Servizo Galego de Saúde contan cun Servizo de Nutrición que posibilita identificar e tratar aos pacientes con desnutrición relacionada coa enfermidade. A presenza destes especialistas, xunto coa participación do persoal de enfermería na valoración, garante que o aspecto nutricional sexa avaliado ao longo do ingreso hospitalario.

Segundo o protocolo de cribado nutricional implantado medírase o índice de masa corporal aos pacientes ingresados nos hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde.

Ademais nos próximos meses, desenvolverase unha plataforma de teleseguimento para Atención Primaria que permitirá, entre outros aspectos, a monitorización polo persoal enfermería de AP das variables que permiten valorar o estado nutricional.

Así pois, os hospitais galegos contan cun servizo de nutrición para a avaliación nutricional dos e das pacientes ingresados, en colaboración co persoal de enfermería das plantas de hospitalización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38320
Data envío: 08/10/2018 09:13:06.793

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:13:03



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23315** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non ter avanzado no cumprimento dalgúns aspectos do acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 referido á mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose, as previsións ao respecto e a súa avaliación en relación coa situación das mulleres que padecen esa doenza no tocante ao coñecemento da enfermidade, nivel de tratamento e formación do persoal sanitario para o tratamento específico”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015.

Na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, seguindo as liñas definidas na Estratexia SERGAS. Isto inclúe as actuacións que permitan dar resposta aos distintos aspectos que precisa a atención integral ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose.

En todos os servizos de xinecoloxía de cada EOXI, existe unha consulta específica ou integrada con outras enfermidades xinecolóxicas, que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, adaptada á demanda existente.

En cada unha delas establécese un circuíto asistencial, no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade.

Consideramos que a atención que se está a prestar na actualidade é asumible cos recursos dispoñibles, tendo en conta que esta patoloxía afecta a arredor do 10% das mulleres en idade fértil e destas só o 25 % terán un grao IV.

Tendo en conta que os hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo Galego de Saúde están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos, non se considera

imprescindible a necesidade de crear as unidades multidisciplinares de momento.

Dende a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade, a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, no ano 2016, organizáronse dúas actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía, dirixidas a pacientes e cidadanía en xeral: curso titulado 'A endometriose' e o curso titulado 'Muller e saúde'.

A Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade púxose a disposición da Asociación querENDO en canto á difusión de calquera iniciativa de formación e información para a cidadanía sobre esta realidade, en concreto propúxose a posibilidade de realizar un Foro 'O experto responde' sobre este tema.

A 'Guía de atención a las mujeres con endometriosis en el Sistema Nacional de Salud (SNS)' está a disposición de todas/os os/as cidadáns/cidadás na web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

A través do portal É Saúde da Consellería de Sanidade , tamén se pode atopar esta guía, así coma no espazo Cidadanía da páxina do Servizo Galego de Saúde.

Na reunión del Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) do 20 de maio de 2016, tratouse a necesidade de promover a investigación sobre a endometriose. Recollido textualmente na acta de dita reunión: baixo o punto 'Fomento da Investigación sobre endometriose'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38319
Data envío: 08/10/2018 09:12:59.371

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:12:55



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23317** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Consellería de Sanidade respecto da existencia dun problema global en Galicia para a cobertura dos servizos de pediatría por profesionais, os datos ao respecto e as súas previsións en relación coa incorporación de máis pediatras ao Sergas, así como a mellora da dotación de persoal do Servizo de Cirurxía Pediátrica e o impulso do funcionamento deste servizo en Ourense durante as 24 horas do día”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A área de servizo compartido ven funcionando correctamente. No CHUO intervíronse no ano 2017 un total de 170 pacientes e realizáronse 1.129 consultas externas. Nos dous primeiros meses do ano 2018, a actividade cirúrxica incrementouse nun 27% (51 intervencións) e as consultas externas nun 16% (218 consultas) sobre o mesmo período do ano 2017 e as listas de espera cirúrxica e de consultas veñen con descensos continuos en número de pacientes e en esperas medias, ata o punto que neste momento a consulta externa de primeiras consultas xa non ten demora.

A decisión da creación da Área de servizo compartida obedece a causas de tipo asistencial e técnico e teñen o seu refrendo e soporte legal na Lei 8//2008, de Saúde de Galicia (artigos 32 e 97) e do decreto 37/2001, do 1 de febreiro, de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Os criterios de carteira de servizos na cirurxía pediátrica na Área de servizo compartido se teñen fixado atendendo a motivos asistenciais e profesionais. Neles están representados os servizos de cirurxía pediátrica, pediatría, cirurxía xeral, anestesia e reanimación, calidade, admisión de pacientes e uroloxía. Polo tanto, se procura a mellor atención posible tendo en conta a casuística, a experiencia clínica e a dotación necesaria para afrontala.

Os custos de desprazamento son os normais nestes casos e non se diferencian dos resultantes dos desprazamentos ordinarios de pacientes adultos entre hospitais de Galicia e incluso de fora da Comunidade Autónoma, tanto para consulta como para exploracións, tratamentos ou seguimentos

de patoloxías.

No caso de cirurxía pediátrica en Ourense, as demoras medias para consultas externas están dentro das ratios do SERGAS para esta especialidade. En Ourense, a 30 de xuño de 2018, a espera media de cirurxía é de 32,1 días e a espera media de consultas externas é de 18 días.

A prestación da cirurxía pediátrica en Ourense está garantida e as ratios son as adecuadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38381
Data envío: 08/10/2018 14:44:18.843

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:44:15



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23318** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgunha estratexia para mellorar a diagnose e o tratamento da fibromialxia, a estimación oficial do número de persoas afectadas en Galicia e a súa valoración en relación coa posible consideración desa doenza para os efectos da incapacitación laboral, a necesidade de adaptación ou o cambio de posto de traballo, así como a existencia na comunidade autónoma de investigación de carácter biosanitario ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Tanto na Consellería de Sanidade como no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade ás persoas diagnosticadas de fibromialxia.

Constituíse un grupo de traballo multidisciplinar de profesionais do ámbito da atención primaria e hospitalaria, expertos no manexo de pacientes con fibromialxia, co obxectivo de elaborar un documento de consenso de atención á fibromialxia.

Este grupo de traballo desenvolveu o Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia, que concreta, de maneira clara e precisa, a sistemática de atención a estas/estes pacientes, coordinando os distintos profesionais implicados en todos os niveis asistenciais, para minimizar os tempos de espera, facilitar a continuidade asistencial e basear a práctica clínica na mellor evidencia científica dispoñible.

O documento do Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia publicouse no ano 2013 e presentouse en todas as Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIs).

Outro aspecto que favorece a mellora na abordaxe das enfermidades é a participación das/dos cidadás/cidadáns na xestión do Sistema Público de Saúde, que no caso da fibromialxia está representada por distintas asociacións no Consello Asesor de Pacientes.

Na procura de poder identificar ás/aos pacientes afectadas/os por fibromialxia en Galicia, no mes de maio de 2013 realizouse unha petición expresa por parte da Comunidade Autónoma de Galicia á Unidade Técnica de Codificación con CIAP-2 (Clasificación Internacional de Atención Primaria) do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa intención de codificar dunha forma máis certa a estas persoas. O Ministerio procedeu a desdobrar un código diagnóstico inespecífico previo, coa fin de identificar correctamente a través dos sistemas de información corporativos ás/aos pacientes xa diagnosticadas/os desta patoloxía na historia clínica electrónica (IANUS en Galicia).

Este código quedou reflectido no Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia do Servizo Galego de Saúde para fomentar a identificación inequívoca destas persoas. Desde esta data ata o 31 de decembro de 2016, están correctamente identificados en IANUS un total de 6.454 pacientes (6.239 mulleres e 215 homes).

No que respecta á consideración da fibromialxia a efectos de incapacitación laboral, é competencia do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

Na actualidade, no Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS) de Santiago de Compostela existe un equipo de profesionais pertencentes ao grupo de neurociencia cognitiva do Grupo de Investigación en Neurociencias que está a traballar nun proxecto que ten como obxectivo a avaliación neuropsicolóxica e psicofisiolóxica de persoas con fibromialxia (<http://www.idisantiago.es/neurociencias/>)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38318
Data envío: 08/10/2018 09:12:50.824

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:12:47



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23319** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgunha xestión co Goberno municipal de Ordes para a inclusión no novo PXOM da habilitación do terreo anexo ao PAC como espazo para o helicóptero de emerxencias, as razóns da retirada do heliporto do centro de saúde dos planos do novo planeamento e a súa opinión en relación coa situación en que se atopa o transporte sanitario para a veciñanza afectada na zona”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O transporte sanitario para os veciños e veciñas de Ordes e da súa contorna é o axeitado. A situación do transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia encóntrase entre as máis modernas e avanzadas do Estado. Trátase dunha flota completamente renovada, avanzada tecnoloxicamente e de elevada comodidade para o doente durante a súa asistencia e traslado.

Trátase do servizo máis valorado polos galegos de entre todos os que ofrece o Servizo Galego de Saúde aos cidadáns.

Por último, indicar que as competencias sobre os PXOM son dos concellos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38380
Data envío: 08/10/2018 14:44:11.921

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:44:08



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23320** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o nivel de aplicación dos tratamentos para a hepatitis C ás persoas afectadas que se atopan na cadea en penitenciarias de Galicia segundo o previsto no Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde, así como os datos do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde presta a atención sanitaria requirida para os pacientes reclusos en institucións penitenciarias con infección crónica polo virus da Hepatite C, incluíndo nesa atención o diagnóstico, a valoración do paciente, indicación de tratamento e posterior seguimento.

Esta situación queda perfectamente reflectida no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Institucións Penitenciarias firmado no mes de abril de 2016. Nos compromisos recollidos no citado texto establécese que o Servizo galego de Saúde pon a disposición do centros penitenciarios ubicados na nosa Comunidade todos os seus medios e dispositivos asistenciais, co fin de desenvolver a cooperación necesaria en relación a estes pacientes reclusos infectados polo virus da Hepatite C e co fin de colaborar no seguimento destes pacientes.

Incluso antes da formalización do Convenio do mes de abril de 2016, xa temos asistido e tratado pacientes cos recursos asistenciais e medicamentos subministrados por parte do

Servizo Galego de Saúde.

Polo tanto, calquera usuario con Hepatite C Crónica que se atope en institucións penitenciarias e susceptible de tratamento, ten garantida a atención sanitaria polos facultativos do Servizo Galego de Saúde con experiencia no manexo desta enfermidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38379
Data envío: 08/10/2018 14:44:03.890

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:43:58



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23321** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da eficacia do modelo de colaboración público-privada para a construción de infraestruturas sanitarias e a súa valoración en relación coas queixas e denuncias referidas ás deficiencias na xestión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a débeda asumida por Galicia coa súa construción”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á interpelación número 31237, debatida no pleno do 19 de xuño de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38378
Data envío: 08/10/2018 14:43:53.077

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:43:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38317
Data envío: 08/10/2018 09:12:43.636

Data 08/10/2018 09:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23322** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa crecente aparición de disciplinas non científicas e de practicantes sen a formación e titulación axeitadas que provocan intrusismo laboral no eido sanitario, a súa estimación do alcance do problema fiscal que supón en Galicia e do número de persoas que optan por esas disciplinas fóra do sistema público sanitario, así como a súa opinión respecto da posibilidade de evitalo coa mellora da eficiencia deste”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sistema Público de Saúde de Galicia está configurado por diversos principios reitores, dos que hai que destacar, por un lado, a calidade do servizo que se presta e, por outro, a acreditación e avaliación continua dos propios servizos.

A calidade ten como finalidade a de outorgar seguridade na atención clínica e na organización dos servizos sanitarios e a acreditación e avaliación teñen como fin último dispor de centros, establecementos e servizos controlados e garantidos pola Inspección de Servizos Sanitarios.

En definitiva a administración sanitaria ten establecido un réxime de autorizacións de funcionamento de centros, establecementos e servizos que ao facerse públicos garanten que todas as persoas poidan comprobar que un determinado centro dispón ou non de autorización.

páxina 1 de 2

A Consellería de Sanidade ten publicada na súa páxina web (www.sergas.es) a relación de centros, establecementos e servizos que dispoñen de autorización, polo que calquera persoa pode coñecer en calquera momento a realidade dun centro sanitario.

Por outro lado, a Inspección de Servizos Sanitarios realiza a comprobación de que os centros, establecementos e servizos dispoñen de autorización de forma continuada, actuando igualmente nos casos en que ten coñecemento da realización de actividades sen o control adecuado.

A eficiencia do Sistema Público de Saúde de Galicia é ben coñecido polos usuarios e así o manifestan nas enquisas que se publican. En todo caso, a mellora dos obxectivos de calidade e de transparencia é unha finalidade propia da administración sanitaria que contribúe a incrementar a confianza dos usuarios no sistema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38317
Data envío: 08/10/2018 09:12:43.636

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:12:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23323** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do estudo presentado no Congreso da Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria e referido á porcentaxe de enfermidades crónicas atendidas e as dificultades existentes para prescribir tratamentos innovadores, os datos e as causas destas limitacións, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Unha proporción moi significativa do orzamento sanitario destínase aos medicamentos, polo que debemos ser especialmente rigorosos na súa utilización. No Sistema Sanitario de Saúde Pública realízase, coa necesaria e imprescindible colaboración dos profesionais, un uso eficiente dos recursos farmacolóxicos para garantir a introdución daqueles medicamentos innovadores que teñan demostrada a súa eficacia e utilidade para os pacientes. A calificación do medicamento que o restrinxa a unha prescrición de ámbito hospitalario é outorgada pola AEMPS (Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38316
Data envío: 08/10/2018 09:12:36.261

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:12:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23324** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade do feito de que o concello de Cuntis permanecera sen atención sanitaria parte do día 31 de xullo”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O municipio de Cuntis durante o 31 de xullo tivo sempre atención sanitaria. É certo que entre as 8:00 hs e as 09:25 hs non houbo médico de presenza física no Centro de Saúde por circunstancias sobrevidas, pero o municipio tivo atención sanitaria, xa que se deron as correspondentes instrucións ao Centro de Saúde de Caldas para que no caso de producirse algunha urxencia se atendese no mesmo (isocrona 8-10 minutos aprox.). Tamén se informou ao 061 da situación, e no Centro de Saúde de Cuntis había persoal administrativo e de enfermería.

A atención sanitaria de Cuntis en ningún caso sufriu ningún abandono e as coberturas das ausencias de persoal no seu Centro de Saúde realízase con criterios exclusivamente técnicos. A formación e profesionalidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde garante unha adecuada atención sanitaria ás veciñas e veciños de Cuntis e as ausencias do persoal son sempre cubertas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38315
Data envío: 08/10/2018 09:12:28.917

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:12:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23325** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a situación dos doentes do linfedema, así como os procesos e tratamento que reciben no Sergas, a valoración da posibilidade de implementar recursos para mellorar os procesos de detección, diagnose e tratamento da doenza, así como de ampliar a formación de especialistas médicos e fisioterapeutas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os hospitais do Sergas contan con Unidades de Linfedema dependentes do Servizo de Rehabilitación dos Complexos Hospitalarios. Ditas unidades contan con médicos especialistas en rehabilitación e medicina física e fisioterapia a tempo completo, especialmente formados nesta disciplina e con ampla experiencia no seu tratamento.

No ano 2010, a Consellería de Sanidade publica Rehabilitación do linfedema. Revisión e Protocolo.

Desde estas unidades lévase a cabo o seguimento médico e a aplicación dos diferentes aspectos terapéuticos dos pacientes afectos de linfedema. Os pacientes son derivados dende diferentes servizos como son Oncoloxía Médica e Radioterápica, Cirurxía Vascular, Xinecoloxía, Cirurxía Xeral e Dixestiva, Dermatoloxía, Atención Primaria.

Os tratamentos realizados nas unidades constan de:

- Terapia física combinada
- Coidados da pel
- Drenaxe linfática manual
- Cinesiterapia de drenaxe

- Vendaxe multicapa
- Presoterapia neumática secuencial intermitente
- Drenaxe linfática mecánica ultrasónica: Flowave
- Prescrición e chequeo de prendas de contención elástica a medida

Os casos e patoloxías nas que se administra tratamento a pacientes con linfedema, son:

- Linfedemas secundarios: principalmente despois de linfadenectomías axilares e inguinais. A maior prevalencia dase no membro superior tras mastectomía.
- Linfedemas primarios principalmente de membros superiores.

O Servizo Galego de Saúde conta con recursos suficientes para o diagnóstico do linfedema, pois baséase fundamentalmente na historia clínica e no exame físico, necesitando en poucas ocasións probas complementarias como linfografía, RM ou TC.

O tratamento estase a levar a cabo nos Servizos de Rehabilitación nas 7 EOxIs, co que o tratamento a estes pacientes está garantido.

O Servizo Galego de Saúde aposta pola formación continuada dos seus profesionais e a ampliación de coñecementos a través de ACIS, a Axencia de Coñecemento en Saúde, organizando anualmente cursos de formación para todos os seus profesionais, orientados ás disciplinas segundo as necesidades detectadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38314
Data envío: 08/10/2018 09:12:21.010

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:12:17



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23328** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa existencia de minusvaloración da muller na diagnose e tratamento dos problemas de saúde e as súas previsións respecto da reformulación da súa xestión no eido sanitario co fin de implementar unha eficiente perspectiva de xénero”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Galego de Saúde se presta asistencia sanitaria sen discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38377
Data envío: 08/10/2018 14:43:44.077

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:43:40



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23331** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres, o seu cumprimento e desenvolvemento, así como o mantemento como obxectivo da consecución dunha igualdade real de xénero no eido sanitario, as medidas e formulacións estratéxicas que está a levar a cabo ao respecto e os seus resultados”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia aprobado no 2007 incluía 32 proxectos interrelacionados entre si. Para a súa implantación e extensión elaboráronse varias guías técnicas co obxectivo de que os/as profesionais do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) implementaran esas recomendacións.

Das guías elaboradas no 2008, algunhas foron revisadas e actualizadas en base a evidencia científica actual, entre elas destacar a de cribado de cancro de cérvix ou a de violencia de xénero, e outras están en proceso de revisión e actualización. Todas as guías e folletos divulgativos están a disposición de profesionais e usuarias/os na web do SERGAS.

Tamén se elaboraron novas guías técnicas de procesos asistenciais como a de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino ou o protocolo de cribado da enfermidade de Chagas en mulleres embarazadas.

Este Goberno considera que documentos como as guías técnicas e os protocolos son un instrumento útil para homoxeneizar a asistencia e diminuír así a iniquidade consecuencia da variabilidade asistencial.

Ademais adecuáronse os espazos, realizándose reformas estruturais e mellora do equipamento dos espazos adicados á atención á saúde sexual e reprodutiva da muller.

Dentro da atención ás mulleres embarazadas incluíuse a vacina da tosferina co fin de que os neonatos reciban vía transplacentaria ou a través do leite materno anticorpos suficientes que os

protexa desta infección os primeiros meses de vida.

Outro dos avances realizados por este Goberno nos últimos anos foi a creación de 2 bancos de leite humana (H. Alvaro Cunqueiro e CHU de Santiago) para garantir, o subministro de leite materno doado de forma segura, para a alimentación de prematuros de menos de 32 semanas de xestación ou de menos de 1,500 gr. e de nenos/as enfermos que non poidan recibir leite da súa nai de forma transitoria ou permanente.

Tamén é de grande importancia continuar coa formación dos/as profesionais do SERGAS, así como da información axeitada á poboación, incluíndose dentro da oferta anual de formación continuada do SERGAS cursos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva da muller á vez que se celebran reunións científicas de traballo multidisciplinar, xornadas e congresos.

Outra das demandas dos colectivos de mulleres é poder decidir sobre o seu parto e nacemento e co modelo de 'plan de parto e nacemento' elaborado polo SERGAS, as matronas e obstetras do SERGAS dispoñen dun modelo único que segue as recomendacións do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade dentro do marco da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, e da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Mediante este documento, as mulleres e as súas parellas, poden manifestar por escrito os seus desexos, necesidades, preferencias e expectativas en relación o seu traballo de parto e o nacemento do seu bebé de forma que cando chega o momento do parto, todo o persoal que a atende durante este e o posparto ten en conta todo isto para favorecer unha vivencia positiva e satisfactoria do nacemento do seu fillo ou filla.

Outro dos temas que se traballan de maneira transversal en todos os procesos asistenciais de saúde é a perspectiva de xénero para evitar sesgos de xénero tanto na atención prestada como na linguaxe.

Ademais, o Servizo Galego de Saúde difundirá unha actualización da guía de violencia de xénero que será difundida polos Centros de Atención Primaria co obxectivo de formar na identificación das mulleres que puideran sufrir malos tratos por parte da súa parella.

Elaborouse tamén unha guía de mutilación xenital feminina para dar coñecemento e difusión a unha práctica que dende o Servizo Galego de Saúde se quere eliminar, distribuída tanto aos Centros de Saúde como aos Centros de Orientación Familiar.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38313
Data envío: 08/10/2018 09:12:03.807

Na actualidade todos os proxectos contemplados na área sanitaria no Plan de Atención Integral á Saúde da Muller en Galicia están xa implementados na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde.

Para este Goberno, a saúde das mulleres de Galicia segue a ser unha das súas prioridades fundamentais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 0a2ba822-8409-20b1-4f42-d1b5150e2fd9

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38313
Data envío: 08/10/2018 09:12:03.807

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:11:56



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38376
Data envío: 08/10/2018 14:43:36.858

Data 08/10/2018 14:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23332** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a consideración por parte do Goberno galego da posibilidade de solicitarlle ao Goberno central a inclusión da podoloxía na carteira básica de servizos do Sistema nacional de saúde co financiamento necesario, a súa opinión respecto da viabilidade de introducila na carteira complementaria de servizos de Galicia, así como a posible pertinencia de incorporar a categoría profesional de podólogo ou podóloga como persoal estatutario do Sergas”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A solidariedade nas prestacións inclúe actuar con responsabilidade, non quebrando a congruencia do propio sistema nacional de saúde.

A inclusión de novas prestacións en carteira debe levarse a cabo de forma unificada e priorizando as necesidades. En calquera caso, de forma homoxénea, solidaria e consensuada en todo o sistema.

Neste momento, en Galicia, estase levando a cabo un estudo para asinar un acordo de colaboración co Colexio Oficial de Podólogos de Galicia para realizar actividades conxuntas. A inclusión unilateral de prestacións sen valoración por parte do conxunto dos servizos sanitarios do sistema nacional de saúde non é unha opción a considerar.

A valoración de estudio da pertinencia de incluír a categoría de podólogo debe realizarse de forma conxunta coa valoración da inclusión en carteira”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38376
Data envío: 08/10/2018 14:43:36.858

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:43:33



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23333** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto das condicións en que se realizan as probas de glicosa para embarazadas nos centros do Sergas e, nomeadamente, no Hospital Provincial de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“É un feito que as condicións da sala na que se realizan as probas de glicosa no Hospital Provincial de Pontevedra é mellorable en canto á amplitude de espazos, tendo en conta, ademais, que se trata de pacientes embarazadas que adoitan vir acompañadas.

É importante precisar que a ubicación desta sala no Hospital Provincial de Pontevedra obedece a que neste mesmo centro está situada á área materno-infantil e de que a mellor opción segue sendo manter neste centro a zona de realización de ditas probas. En calquera caso, e sendo de sobra coñecido que no Hospital Provincial de Pontevedra os espazos están aproveitados ao máximo, nos últimos anos mellorouse a zona asignada á realización destas probas funcionais dotando ademais a sala actual con cadeiras de brazos máis confortables.

O plan funcional do Gran Montecelo ven a resolver esta situación. Dito plan contempla esta circunstancia e no proxecto xa ten asignada unha zona con superficie suficiente para a realización destas probas.

No resto dos centros hospitalarios do Sergas existen as condicións necesarias en termos de espazo, medios e persoal para a correcta realización da proba da glicosa en embarazadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38312
Data envío: 08/10/2018 09:11:52.072

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:11:49



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23334** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia dun déficit de inspectores médicos no eido sanitario en Galicia e as medidas do Goberno galego para resolver esta situación”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos inspectores médicos cómpre sinalar que as leis de orzamentos dos últimos anos teñen impedido a convocatoria de oferta pública de emprego nesa categoría. En calquera caso, as xubilacións e demais baixas foron cubertas segundo as necesidades acreditadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38311
Data envío: 08/10/2018 09:11:44.025

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:11:40



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38375
Data envío: 08/10/2018 14:43:29.592

Data 08/10/2018 14:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23336** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a posibilidade de garantía polo Goberno galego do mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia durante os meses de verán que no resto do ano, os datos referidos ás camas que se van pechar no período estival e o volume de persoal que vai contratar o Sergas para cubrir as vacacións dos profesionais sanitarios, así como os criterios seguidos para planificar a dotación de recursos nesa época e a valoración das reclamacións dos profesionais ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde leva a cabo unha planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Esta planificación elabórase tras un estudo no que se ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares anteriores.

No caso de hospitalización, mantéñense operativos un 10-12 % máis de recursos dos que se prevé que van ser necesarios e o resto estarán dispoñibles en todo momento.

En resumen, a adecuación dos recursos asistenciais expónse como un conxunto de medidas de xestión que, garantindo a asistencia sanitaria aos usuarios, se adapta á

realidade estival e preserva a eficiencia do noso sistema sanitario (como é obrigado nun sistema público)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38375
Data envío: 08/10/2018 14:43:29.592

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:43:26



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38374
Data envío: 08/10/2018 14:43:22.139

Data 08/10/2018 14:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23411** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego relativas á consideración da posición da cidadanía, os sindicatos, os partidos políticos, as asociacións de doentes e os colectivos de profesionais en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a súa opinión referida á suficiencia para o debate e aprobación do consenso acadado cos diferentes colectivos ao respecto, así como a necesidade de creación de mesas de traballo coa participación deles para as posibles reformas legais do sistema sanitario galego”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia, publicouse no DOG do 9 de abril de 2018 e entrou en vigor aos 20 días da súa publicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38374
Data envío: 08/10/2018 14:43:22.139

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:43:19



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23412** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á paralización das retinografías no Centro de Saúde de Carballo por non cubrir a baixa do profesional que as vén realizando, a súa valoración en relación coa eficiencia do servizo ofrecido e as súas previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de profesionais que se formaron foi de 3 profesionais de enfermaría familiar e comunitaria, que xunto co profesional que contaba ca formación e xa desenvolvía esta técnica no Centro de Saúde de Carballo, fan un total de 4 profesionais formados no Servizo de Atención Primaria de Carballo.

Foron necesarias dúas xornadas para levar a cabo a formación mínima e necesaria para levar a cabo a técnica de retinografía completa.

Estas profesionais non tiñan como finalidade a cobertura da baixa laboral do que estaba en incapacidade temporal, senón que se desprazaron a impartir esta formación, actividade que está dentro da práctica profesional desta categoría sanitaria. A asistencia nos seus centros de orixe desenvolveuse con absoluta normalidade.

A retinografía é unha técnica incorporada á practica habitual da enfermaría e forma parte das actividades preventivas e de seguimento ‘normal’ con pacientes con determinadas patoloxías crónicas, levadas a cabo polo equipo asistencial de atención Primaria de xeito integrado.

En ningún momento a actividade do PAC de Carballo veuse afectada por esta actividade, xa que os Puntos de Atención Continuada (PAC) son os dispositivos onde se desenvolve a atención

urxente extra hospitalaria e foron creados para dispensar atención inmediata a aquelas patoloxías máis graves, fora do horario de funcionamento dos Centros de Saúde, pero en ningún caso, para levar a cabo actos asistenciais que son perfectamente asumibles dentro dunha programación ordinaria e que se realizan de xeito integrado na asistencia realizada polos profesionais habituais e que fan un seguimento axeitado da evolución do paciente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38310
Data envío: 08/10/2018 09:11:31.588

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:11:28



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23414** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación actual da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil no Hospital Teresa Herrera para toda a Área Sanitaria da Coruña, a valoración da posibilidade de integrar a consulta de Psicoloxía Infanto-Xuvenil na rede asistencial do Sergas, coa súa incorporación nesa unidade, así como os problemas derivados da perda de confidencialidade dos datos por causa do seu traslado ao Centro Cívico de Eirís”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En liña coas indicacións da Rede Europea de Recomendacións pola saúde mental, leváronse a cabo diferentes estratexias para potenciar a atención á Saúde mental dos menores, o que incluíu a creación dunha Unidade de Hospitalización Infanto Xuvenil na EOXI de Santiago, con 7 prazas, de referencia para os ingresos por patoloxía psiquiátrica de especial gravidade en menores de 16 anos de toda Galicia.

A Comunidade Autónoma conta ademais con 8 dispositivos de atención a Saúde Mental Infanto Xuvenil ambulatorios, todos eles integrados funcionalmente no SERGAS. A rede conta cun total de 13 psiquiatras e 14 psicólogos (taxa de 4,5 psicólogos por 100.000 habitantes menores de 15 anos), entre outro persoal.

En concreto, na área de Santiago de Compostela, onde se sitúa a Unidade de Hospitalización, cóntase con 3 psiquiatras e 3 psicólogos para a atención da poboación infantoxuvenil, ademais dun apoio semanal para a atención de rapaces con problemas conductuais nun centro dependente da

Consellería de Educación. A asistencia está baseada nunha abordaxe multidisciplinar e de optimización de recursos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38373
Data envío: 08/10/2018 14:43:15.295

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:43:12



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23415** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non manter xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais co fin de acadar novos acordos retributivos para o persoal do Sergas e as previsións da Consellería de Sanidade respecto do inicio dun novo proceso de negociación en relación coa situación laboral dese persoal”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En diferentes mesas sectoriais tratouse cos representantes dos traballadores sobre os acordos e pactos de melloras retributivas que, desde o ano 2009, quedaron suspendidos nas leis de presupostos ao fío da crise económica.

Hai dereitos que se foron recuperando nesta última lexislatura como a devolución da paga extra de decembro de 2012, a suba do 1% das retribucións no 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013 e a recuperación dos días de libre disposición máis os días adicionais de vacacións.

Na Lei de Orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extras de xuño e decembro, así como un incremento do 1% máis de subida nas retribucións.

Así mesmo adoptáronse outras medidas de mellora das condicións de traballo: opes anuais, un plan de estabilidade para reducir os índices de temporalidade, un novo pacto de contratación, o concurso de traslados aberto e permanente...

Na lei de orzamentos para o ano 2018, contemplase unha suba salarial do 2% ás retribucións de todos os empregados públicos, e na la Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, no seu artigo 6 ‘Protección da maternidade e parternidade’ recolle unha ampliación da duración dos permisos de maternidade e paternidade, o aboamento do promedio da atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos, nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o

embarazo e lactancia.

Polo que se refire a OPE a través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do SERGAS (1.616 prazas).

Así mesmo, a través da Orde do 20 de xullo de 2018, publicouse o Acordo sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas a Consellería de Sanidade e a dito organismo, acordo que foi negociado cos sindicatos da mesa sectorial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38372
Data envío: 08/10/2018 14:43:08.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:43:05



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38309
Data envío: 08/10/2018 09:11:24.259

Data 08/10/2018 09:11

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23416** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas propias para paliar os problemas de persoal na sanidade galega, a demanda ao Goberno central da eliminación da taxa de reposición para a contratación de persoal e a convocatoria dunha OPE no eido sanitario con 1.600 prazas para o ano 2017, así como o establecemento dalgún plan de medidas para afrontar o déficit e precarización do emprego sanitario”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No pasado mes de abril de 2017 demos un paso importante coa sinatura do Plan de Estabilidade do Emprego e Provisión do Persoal Estatutario do Sergas 2017-2018, no que plasmamos o noso compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, e que permitirá reducir ata o 5% a porcentaxe que representa o persoal eventual.

Obxectivo que se sitúa ata tres puntos por debaixo do asumido a nivel nacional polo Ministerio de Hacienda, do 8%. Galicia foi das primeiras comunidades en impulsar un Plan de Estabilidade para asentar as plantillas e mellorar así a calidade asistencial.

Polo que se refire a OPE a través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do SERGAS (1.616 prazas).

Así mesmo, no horizonte 2017-2020, a través de novas ofertas, arredor de 5.000 persoas poderán acceder a unha praza estable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38309
Data envío: 08/10/2018 09:11:24.259

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:11:20



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23417** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do mantemento dun custo para a persoa usuaria pola utilización do servizo de asistencia sanitaria telefónica, a valoración da posibilidade da súa eliminación e a súa opinión en relación coa claridade e utilidade da información referida aos usos, función e custos dos teléfonos 902 077 333 e 902 400 116”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Co sistema instaurado no ano 2008 só se ofertaba a posibilidade de solicitar cita previa para o médico de familia, chamando a un dos dous números 902 que existían.

Os cidadáns podían chamar a un destes números, o que supoñía un alto custo, ou aos centros de saúde, que atenden en horario laboral, e que tiñan un alto grao de saturación nas súas liñas telefónicas.

Dende xuño de 2012, neste novo servizo intégranse todos os teléfonos de atención ao público, desta forma, o cidadán elixe o medio que lle resulte máis cómodo e económico para pedir cita:

Chamar ao seu centro.

Chamar ao 902 077 333 en calquera franxa horaria, os 7 días da semana.

Páxina web do Sergas (www.sergas.es), tamén dispoñible para o cidadán as 24 horas do día, os 7 días da semana.

Na actualidade, ademais dos servizos de cita previa en atención primaria, médico de familia e pediatra que xa se ofrecían, tamén dispón dos servizos de enfermería, odontoloxía, matrona, analíticas, vacinas e actos varios, como por exemplo a cita para a primeira visita do neno ao odontólogo.

Outro servizo dispoñible é a solicitude de retraso ou anulación de citas hospitalarias, e acceder á consulta telefónica (chamadas de orientación clínica ao paciente por parte do persoal sanitario da Fundación Pública Urgencias Sanitarias-061).

Todos os teléfonos de cita previa dos centros de saúde funcionan agora como unha única centraliña coordinada con este teléfono único, garantindo un custo para o cidadán de chamada local e permitíndolles aforros nas súas chamadas.

O teléfono único implica ao persoal propio dos centros na petición de cita telefónica; este persoal é o primeiro ao que se dirixen as chamadas dos pacientes para solicitar unha cita. Co obxectivo de dar sempre resposta ao usuario, en caso de que os centros de saúde non poidan atender unha chamada é derivada ao sistema de recoñecemento de voz (IVR). Se non é posible resolvelo mediante este sistema, en último caso diríxese a operadores externos.

Este teléfono está integrado co servizo de cita previa en atención primaria da páxina web do Sergas (www.sergas.es), tamén dispoñible para o cidadán as 24 horas do día os sete días da semana.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38371
Data envío: 08/10/2018 14:43:01.264

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:42:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38308
Data envío: 08/10/2018 09:11:16.056

Data 08/10/2018 09:11

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23418** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do proceso xudicial sobre a presunta información privilexiada no desenvolvemento do concurso convocado pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 entre 2014 e 2015, as actuacións e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de contratación realizouse de conformidade á Lei de Contratos do Sector Público e o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, garantindo en todo momento o cumprimento estrito da legalidade vixente.

Ata este momento, as resolucións de once recursos presentados ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (TACRC) de Madrid foron favorables á Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 678534d1-9da2-83e8-79d7-b32697609353

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38308
Data envío: 08/10/2018 09:11:16.056

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:11:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23419** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a xestión da situación de desabastecemento de vacinas contra a meninxite B no último ano”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia non ten competencias sobre medicamentos e produtos farmacéuticos.

A Consellería de Sanidade realizou as xestións posibles ante o Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdad e o laboratorio produtor da vacina para conseguir dose suficientes para cubrir a demanda.

Cómpre lembrar que os informes técnicos de Saúde Pública amosan que, neste momento, a incidencia da meninxite B en Galicia é a máis baixa da súa historia.

Por outra parte, a Consellería de Sanidade garante o subministro gratuíto da vacina contra a meninxite B ás persoas en risco e nas situacións nas que estea indicada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38370
Data envío: 08/10/2018 14:42:49.982

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:42:46



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38369
Data envío: 08/10/2018 14:42:42.920

Data 08/10/2018 14:42

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23420** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a previsión da Xunta de Galicia de realizar algún tipo de acción para reverter o efecto que ten sobre a poboación galega o Real decreto 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia deseñouse un instrumento, o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que, dende a entrada en vigor do RD 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou sospeita dela, recibe atención sanitaria.

O 31 de xullo de 2018 entrou en vigor o Real Decreto-Lei, do 27 de xullo, sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Salud”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38369
Data envío: 08/10/2018 14:42:42.920

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:42:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23421** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a relación dos proxectos de infraestruturas sanitarias en Galicia que teñen financiamento europeo, os datos referidos ao seu estado de execución e a situación en que se atopan en relación coa validación europea de funcionalidade, así como a actuación que está a levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das demandas da Unión Europea relativas aos fondos recibidos para eses fins”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Facenda e a de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Polo que respecta ao período actual de programación, o PO FEDER Galicia 2014-2020, aprobado en febreiro do 2015, inclúe expresamente no Eixe 9 - co fin de atender as necesidades detectadas na área sanitaria de Vigo, a de maior poboación de Galicia -, o financiamento de actuacións de implantación, adaptación ou reorganización de servizos e prestacións sanitarias no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, por un importe preto dos 46 millóns euros, en termos de gasto público elixible, e cun horizonte temporal previsto ata o ano 2020.

No marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 acometéronse investimentos en infraestruturas sanitarias, encadrados no Eixe 6 ‘Infraestruturas sociais’, por un importe, en termos de gasto público certificado de 17,8M de euros.

Todos os proxectos foron executados na súa totalidade, certificados á Comisión Europea, e se atopan en funcionamento, sen que se teñan detectado incidencias respecto da súa funcionalidade, de acordo coa información facilitada polos órganos colaboradores da

Consellería de Sanidade á Consellería de Facenda e unha vez efectuados os controis e verificacións pertinentes asociadas as súas funcións como organismo intermedio do programa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38368
Data envío: 08/10/2018 14:42:35.123

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:42:27



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23423** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**o exercicio das xefaturas de servizo ou unidades de atención primaria no Sergas por persoas que non se veñen dedicando de maneira exclusiva ao sistema sanitario público**”, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actual normativa (Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde) contempla a posibilidade de compatibilizar o exercicio de xefaturas asistenciais coa actividade fóra do sistema sanitario público. Non obstante, quen realiza un compromiso de dedicación exclusiva ao desempeño da xefatura no Sergas ten unha puntuación adicional no proceso selectivo previo ao nomeamento na devandita xefatura.

Xa se exerzan prazas bases ou xefaturas, os profesionais deben cumprir a normativa de incompatibilidades do sector público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 17:07
Nº Rexistro: 38392
Data envío: 08/10/2018 17:07:28.838

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 17:07:18



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38629
Data envío: 11/10/2018 14:12:21.871

Data 11/10/2018 14:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23556** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posta en funcionamento do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense coa posta en funcionamento do novo edificio”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa nova cociña que se instalará no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de momento mantense a previsión de posta en funcionamento a finais do 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38629
Data envío: 11/10/2018 14:12:21.871

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:12:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23618** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a reforma impulsada polo Goberno galego relativa ao sector das farmacias e á redución á metade da puntuación do coñecemento da lingua galega no baremo específico de méritos para a adxudicación de novas oficinas de farmacia”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 66/2018, do 14 de xuño polo que se modifica o Decreto 146/2001, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, ten como principal finalidade mellorar o procedemento de concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia simplificándoo para que resulte máis áxil e sinxelo e de máis pronta resolución, e ademais establecer un baremo equilibrado que permita a valoración dos méritos das persoas concursantes axustada ao desempeño profesional que levarán a cabo, dentro do marco previsto na Lei 5/99 de Ordenación Farmacéutica. Así se teñen en conta os seguintes aspectos no proxecto de decreto, neste momento en exposición pública:

- experiencia profesional	60 puntos
- méritos académicos	15 puntos
- formación continuada	10 puntos
- publicacións	4 puntos
- coñecemento galego	5 puntos
- discapacidade	5 puntos
- fomento e creación de emprego	1 punto

No caso do coñecemento da lingua galega adaptouse a máxima valoración que ten na actualidade nas convocatorias de concursos-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a do Servizo Galego de Saúde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38628
Data envío: 11/10/2018 14:12:14.855

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:12:01



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23903** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade respecto da distribución pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de agasallos nos que se exclúe o uso da lingua galega”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia de doazón de Órganos e Sangue (ADOS) ten entre as súas funcións a atención axeitada ao doador, en todos os ámbitos comprendidos no proceso de doazón, tanto na fase previa como na posterior á mesma.

A información facilitada tanto no ámbito médico (trípticos informativos), como no loxístico (anuncio das colectas) e nas distintas canles de comunicación cos doadores (redes sociais, correo convencional ou electrónico, SMS) e mesmo nas campañas de comunicación, a Axencia é respectuosa e responsable co uso dos dous idiomas oficiais da nosa comunidade autónoma.

Nos agasallos que completan a atención no proceso de doazón, e materializan de forma simbólica o agradecemento a un acto solidario, altruísta, voluntario e xeneroso, tentamos reflectir o mesmo trato profesional e respectuoso, cara ao doador e cara á lingua, que caracteriza o resto do proceso, personalizando os nosos agasallos sempre en galego e castelán, para satisfacer as preferencias dos nosos doadores e dar cumprida resposta á normativa vixente.

No caso concreto da almofada para o rato do ordenador personalizouse tanto en galego como en castelán, coa lenda ‘cada gota...conta’ engadíndose nesa personalización o nome da Axencia. A proposta fíxose sobre unha maqueta.

Desde a Axencia de Doazón e Sangue continuaremos fomentando o uso do galego e dando cumprimento a a normativa sobre normalización lingüística.

Desde o momento no que tivemos coñecemento deste incidente, déronse instrucións para a substitución deste agasallo en todos os puntos (unidades móbiles e locais de doazón) nos que estaba a ser distribuído.

A cantidade dedicada á compra deste agasallo foi de 14.980 euros +IVE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38367
Data envío: 08/10/2018 14:42:13.872

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:42:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38627
Data envío: 11/10/2018 14:11:57.245

Data 11/10/2018 14:11

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23984** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación sanitaria no Concello de Cedeira”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención en Pediatría procúrase substituír cos medios dos que dispoñemos. Certo é que nesta especialidade existen dificultades de substitución, xa que non hai facultativos especialistas, pero os nenos de Cedeira non deixaron de ser atendidos en ningún momento, tendo sempre un Pediatra de referencia.

A calidade da atención sanitaria mantense no verán e no resto do ano tanto para o concello de Cedeira coma no resto dos concellos de área. Si é certo que nalgúns casos xúntanse o desfrute das vacacións dos profesionais coas baixas laborais, pero en ningún caso afecta a calidade asistencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38627
Data envío: 11/10/2018 14:11:57.245

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:11:53



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24274** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da convocatoria de mobilizacións polas traballadoras do servizo de limpeza do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a súa opinión e as actuacións levadas a cabo en relación co posible incumprimento das condicións laborais pola empresa concesionaria, así como as súas previsións referidas á realización dalgún tipo de intermediación para arranxar este conflito laboral”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense instouse a concesionaria do servizo de limpeza, Ferrovial Servizos, a procura dunha pronta solución ao conflito laboral que mantiña cos seus traballadores, evitando que afectase ao mantemento do servizo contratado co Sergas.

Para contribuír a unha solución de consenso, a Xerencia do Sergas en Ourense ofreceuse a mediar entre ambas partes, coas que mantén un contacto continuado, non sendo preciso xa que o conflito foi resolto satisfactoriamente, sen afectar a actividade asistencial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:41
Nº Rexistro: 38426
Data envío: 09/10/2018 12:41:37.116

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:41:33



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24524** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coas condicións nas que se atopa a nova Unidade de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como as medidas previstas para corrixir as deficiencias e as carencias de persoal detectadas nela dende o seu traslado ao Hospital No sa Señora do Cristal”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nas unidades de coidados paliativos a prioridade é proporcionar coidados físicos, psíquicos ou sociais ao paciente e á súa familia. Ourense conta cunha das primeiras Unidades de Coidados Paliativos que se puxeron en marcha en Galicia, comezou súa actividade no ano 1996, vinculada ao Hospital Universitario de Ourense naquel entón no edificio Piñor, e ata hai uns meses no H. Sta. María Nai.

Co seu traslado o pasado mes de novembro, a unidade de paliativos gañou en canto ao número de cuartos individuais, xa que na actualidade dispón de 6 individuais e 2 dobres - ademais de 5 camas reservadas para o seu uso de paliativos na planta de oncoloxía do novo edificio.

Para a atención destes pacientes, a unidade de paliativos conta con 6 enfermeiras e 6 auxiliares de enfermería, dotación óptima en función ao número de pacientes e cargas de traballo.

A actual localización da unidade, no edificio Cristal, na mesma planta que o Servizo de Oncoloxía, localización escollida polo propio persoal deste servizo, seguindo parámetros clínicos e funcionais, non só non empeora a situación anterior senón que a mellora substancialmente. De feito, agora, ao estar no mesmo núcleo de hospitalización, urxencias, unidade da dor, e probas diagnósticas ou analíticas, ningún paciente require de traslados en ambulancia, habituais con anterioridade, ou percorrer moita distancia desde a súa habitación.

O seu novo emprazamento non é unha zona de paso, xa que é unha área de acceso restrinxido. As instalacións melloraron substancialmente, cunha nova sala de estar de familiares, con espazo de

descanso, aseos, duchas e televisión. Ademais, dentro da mesma unidade contan tamén cunha pequena sala de estar con cociña, a disposición das familias e todas as habitacións contan cun sofá cama completo a plena disposición dos acompañantes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38366
Data envío: 08/10/2018 14:42:06.669

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:42:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38626
Data envío: 11/10/2018 14:11:49.698

Data 11/10/2018 14:11

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24835** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas ante a problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e ao número de tarxetas adscritas ao centro”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde do Couto comezou a súa actividade o 20 de novembro de 2017, con normalidade e sen incidencias grazas á planificación previa con reforzos das áreas administrativas en ambos centros de saúde, tanto no Nóvoa Santos como no do Couto.

Informouse a poboación a través dos medios de comunicación da súa apertura e tamén enviáronse cartas persoais a cada un dos usuarios cuxo médico se trasladaba do Centro de Saúde Nóvoa Santos ao Centro de Saúde do Couto para que exercesen o seu dereito á libre elección de facultativo e centro de saúde, nos casos nos que non lle conviñese o cambio de centro.

Con data 11 de novembro de 2017 a poboación adscrita ao Centro de Saúde Nóvoa Santos con datos de tarxeta sanitaria era de 31.697 e a 12 de xaneiro de 2018 a poboación adscrita segundo tarxeta é de 24.246 TIS.

O cadro de persoal previo no CS Nóvoa Santos era de 20 médicos, 4 pediatras, 22 enfermeiras, 1 odontólogo, 1 hixienista, 1 farmacéutico, 2 traballadores sociais, 1 auxiliar, 3

páxina 1 de 2

matronas e 10 Psx e trala apertura do CS de O Couto a dotación de médicos no CS Nóvoa Santos, no momento actual, é de 15 médicos de familia, 3 pediatras, 16 enfermeiras, 8 psx e no resto das categorías profesionais mantense a mesma dotación.

No CS de O Couto hai 5 médicos de familia, 5 enfermeiras, 1 pediatra, 1 enfermeira de pediatra, 2 administrativas en quenda de mañá e 1 administrativo en quenda de tarde. O número de tarxetas sanitarias a 12 de xaneiro de 2018 é de 7.414 TIS.

O número de pediatras do CS Nóvoa Santos previo a apertura do CS de O Couto era de 4 e na actualidade é de 3. O número de pediatras do Centro de Saúde de O Couto é de 1 pediatra”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38626
Data envío: 11/10/2018 14:11:49.698

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:11:44



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25398** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de saúde en Ribadavia durante a X lexislatura, os prazos estimados para o inicio das obras e posta en funcionamento do centro, así como o orzamento e a partida orzamentaria que vai destinar para ese fin no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Xerente do Sergas na Comisión 5ª á pregunta 19090, na que informaba sobre as actuacións de mantemento levadas a cabo no actual Centro de Saúde de Ribadavia así como sobre a situación na que se atopa a futura construción do novo Centro de Saúde desta localidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:41
Nº Rexistro: 38425
Data envío: 09/10/2018 12:41:29.569

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:41:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25819** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as novas adxudicacións feitas polo Sergas á empresa Ibérica de Mantemento S.A”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo integral de mantemento de equipamento electromédico é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxecto de conservar os equipos de electromedicina e as instalacións propias para o seu funcionamento en condicións óptimas, para conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible e de forma máis eficaz e económica a longo prazo, así como prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñadas, mantendo os parámetros de seguridade e respectando os requirimentos do fabricante e as normas vixentes relacionadas co obxecto do contrato.

Efectivamente o servizo adxudicouse por procedemento aberto garantindo a transparencia e libre concorrência á empresa Ibérica de Mantenimiento S.A. e unha vez rematada a duración do seu contrato cada unha das EOXS realizarán a licitación dos lotes correspondentes, en función do seu equipamento e das súas necesidades.

Os procedementos de contratación, salvo por razóns técnicas que o xustifiquen, teñen que ser abertos e de licitación pública. A oferta de Iberman SA foi a máis vantaxosa, tanto nas avaliacións de calidade coma na económica. Iberman SA, é unha empresa de mantemento

que pode contratar coa administración xa que, neste momento, non está incluída en ningún dos casos que regula a lei de contratos do sector público para que estea prohibido contratar con ela”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38625
Data envío: 11/10/2018 14:11:40.589

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:11:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25830** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas a adoptar polo Goberno galego destinadas a solucionar as deficiencias no centro de saúde de Tui”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As deficiencias detectadas no PAC de Tui estanse a solucionar e desde a Consellería de Sanidade continuarase a revisar o estado de execución das mesmas ata que se subsanen definitivamente.

A Consellería de Sanidade está sempre en disposición de escoitar aos profesionais e ter en conta as súas achegas e poñelas en práctica para mellorar a prestación do servizo sanitario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38624
Data envío: 11/10/2018 14:11:33.104

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:11:30



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25974** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia e calidade da atención que se está a prestar no Sistema sanitario de Galicia ás persoas que padecen epilepsia, as súas previsións referidas ao aumento dos medios humanos e materiais destinados a ese fin, así como a solicitude ao Goberno central da revisión dos baremos de incapacidade de carácter laboral, tendo en conta as dificultades que padecen as persoas afectadas”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) temos o centro de referencia na Comunidade Autónoma de Galicia en todos os aspectos relacionados co diagnóstico e tratamento da epilepsia. Todos aqueles pacientes que non poden ser diagnosticados ou tratados nos seus hospitais de referencia poden ser enviados a esta Unidade, sobre todo aqueles pacientes con epilepsia refractaria.

No ano 1997 púxose en marcha a unidade médico-cirúrxica de epilepsia do CHUS, constituída polos servizos de neuroloxía, neurofisioloxía e neurocirurxía; e posteriormente incorporáronse outros servizos hospitalarios (neurorradioloxía, neuropsicoloxía, medicina nuclear, neuropediatría e anestesia).

O 1 de xaneiro de 2011, a Unidade foi designada polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, como Centro de Referencia do Sistema Nacional de Saúde (CSUR).

Desde febreiro de 2016 esta Unidade forma parte da rede e-pilepsy, que é a rede paneuropea dos máis importantes centros de cirurxía de epilepsia, e ten como obxectivo fundamental mellorar a concienciación e a accesibilidade á cirurxía da epilepsia nos diferentes países da Unión Europea.

A Unidade de Epilepsia Refractaria dispón de todos os recursos humanos e materiais necesarios para ser centro de referencia.

A actual dotación do CSUR de epilepsia do CHUS é suficiente para ofrecer unha adecuada asistencia sanitaria ás persoas que así o precisen en Galicia.

En todas as EOXIS os pacientes son atendidos nos seus centros, nas consultas monográficas ou nas consultas de neuroloxía xeral.

Todos os pacientes con epilepsia refractaria da nosa Comunidade Autónoma derívanse para estudo e valoración á Unidade de Epilepsia Refractaria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, que como xa se comentou é CSUR, evitando así que os pacientes se teñan que desprazar fóra de Galicia.

A actividade investigadora da Unidade de Epilepsia Refractaria é importante xa que nos últimos anos tense participado en 10 ensaios clínicos de epilepsia e noutros 20 proxectos de investigación sobre esta enfermidade.

No ámbito docente, os membros da Unidade do CHUS e dos servizos de Neuroloxía dos hospitais do Servizo Galego de Saúde participaron e participan como docentes e organizadores de reunións sobre epilepsia de ámbito autonómico e nacional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:41
Nº Rexistro: 38424
Data envío: 09/10/2018 12:41:21.990

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:41:19



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26013** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a incidencia dos recortes levados a cabo na atención prestada polo Servizo de Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a valoración e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego ao respecto, así como as súas previsións en relación coa reposición deste servizo durante as 24 horas do día e os 365 días do ano”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A área de servizo compartido ven funcionando correctamente. No CHUO intervíronse no ano 2017 un total de 170 pacientes e realizáronse 1.129 consultas externas. Nos dous primeiros meses do ano 2018, a actividade cirúrxica incrementouse nun 27% (51 intervencións) e as consultas externas nun 16% (218 consultas) sobre o mesmo período do ano 2017 e as listas de espera cirúrxica e de consultas veñen con descensos continuos en número de pacientes e en esperas medias, ata o punto que neste momento a consulta externa de primeiras consultas xa non ten demora.

A decisión da creación da Área de servizo compartida obedece a causas de tipo asistencial e técnico e teñen o seu refrendo e soporte legal na Lei 8//2008, de Saúde de Galicia (artigos 32 e 97) e do decreto 37/2001, do 1 de febreiro, de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Os criterios de carteira de servizos na cirurxía pediátrica na Área de servizo compartido se teñen fixado atendendo a motivos asistenciais e profesionais. Neles están representados os servizos de cirurxía pediátrica, pediatria, cirurxía xeral, anestesia e reanimación, calidade, admisión de pacientes e uroloxía. Polo tanto, se procura a mellor atención posible tendo en conta a casuística, a experiencia clínica e a dotación necesaria para afrontala.

Os custos de desprazamento son os normais nestes casos e non se diferencian dos resultantes dos desprazamentos ordinarios de pacientes adultos entre hospitais de Galicia e incluso de fora da Comunidade Autónoma, tanto para consulta como para exploracións, tratamentos ou seguimentos

de patoloxías.

No caso de cirurxía pediátrica en Ourense, as demoras medias para consultas externas están dentro das ratios do SERGAS para esta especialidade. En Ourense, a 30 de xuño de 2018, a espera media en cirurxía é de 32,1 días e a espera media de consultas externas é de 18 días.

A prestación da cirurxía pediátrica en Ourense está garantida e as ratios son as adecuadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 12:41
Nº Rexistro: 38423
Data envío: 09/10/2018 12:41:15.068

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:41:12



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26055** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o coñecemento, a opinión e as previsións do Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal e a dotación de medios humanos e materiais dos puntos de atención continuada”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Consellería de Sanidade escoitamos sempre aos traballadores e así, o 21 de febreiro, na Dirección Xeral de Recursos Humanos foi recibida unha delegación de traballadores de Puntos de Atención Continuada para coñecer as súas reclamacións, que tamén nos fixeron chegar por escrito hai uns días. (sinaturas de 400 traballadores)

Polo que se refire á petición de incrementos retributivos tratouse en diferentes mesas sectoriais cos representantes dos traballadores sobre acordos e pactos de melloras retributivas que, desde o ano 2009, quedaron suspendidos nas leis de presupostos ao fío da crise económica.

Hai dereitos que se foron recuperando nesta última lexislatura como a devolución da paga extra de decembro de 2012; a suba do 1% das retribucións no 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013, e a recuperación dos días de libre disposición máis os días adicionais de vacacións.

Na Lei de Orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extras de xuño e decembro, así como un incremento do 1% máis de subida nas retribucións.

Así mesmo adoptáronse outras medidas de mellora das condicións de traballo: opes anuais, un plan de estabilidade para reducir os índices de temporalidade, un novo pacto de contratación, o concurso de traslados aberto e permanente...

Na lei de orzamentos para o ano 2018, contéplase unha suba salarial do 2% nas retribucións de todos os empregados públicos.

Ademais, na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, no seu artigo 6 'Protección da maternidade e paternidade' recolle unha ampliación da duración dos permisos de maternidade e paternidade, o aboamento do promedio da atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos, nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e lactancia.

Polo que se refire á OPE, a través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do SERGAS, cumprindo o compromiso que tiñamos asumido de dobrar as prazas convocadas (1.616 prazas).

Así mesmo, a través da Orde do 20 de xullo de 2018, publicouse o Acordo sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas a esta Consellería de Sanidade e a dito organismo, acordo que foi negociado cos sindicatos da mesa sectorial".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38307
Data envío: 08/10/2018 09:11:02.290

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:10:59



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727